

3 / MARZO DO 2005 - NÚMERO 555

rdL

REVISTA
**DAS
LETRAS**

OS MUNDOS DA CIENCIA-FICCIÓN

Entre a anticipación, a pescuda introspectiva e a crítica social, a Ciencia-Ficción é un xénero que durante o século pasado coñeceu un desenvolvemento sen precedentes nos ámbitos da creación, xa fora na Literatura, no audiovisual ou na plástica. Desde Jules Verne a Philip K. Dick, desde Arthur C. Clarke a Asimov ou desde Bradbury e Huxley, a Ciencia-Ficción converteuse nun campo de exploración creativa e ideolóxica que en Galicia deixou pegadas como as de Núñez Seixas ou Caride Ogando, entre outros escritores que se adentraron nas coordenadas dun xénero en perpetua construción e, por

Desde o cerne do Futuro

paradoxal que pareza, con tendencia en moitos casos de caer nos convencionalismos e nas posicións máis conservadoras. O monográfico que hoxe presentamos, suxeríuselle a tres escritores novos –Xabier Cordal, María Yáñez e Xabier López Rodríguez– que ofrecen a súa particular visión do xénero a través da súa propia obra. O resultado é un conxunto de relatos heteroxéneos, nada acomodados nas coordenadas clásicas da Ciencia-Ficción pero comprometidos na vontade de abrir perspectivas nas mesmas portas do futuro.

Canon

Xabier Cordal

–Cando merco un paquete de tabaco e non se me acaba e merco outro, pillo un catarro.

–Vaia parvada. Mellor non fumes.

Vivían sós. Púxose a tocar a harmónica, cansou e acendeu a Irrealidade Teragang. Da parede grande da sala saíu unha horda de asasinados vestidos con capucha. A pantalla que estaba xunto á porta proxectou un vehículo ST, derrapou na moqueta e asomaron dous canóns. Houbo tiros. O máis baixo dos rapaces ficou espetado contra a parede da que agranara e foi escorrendo ata o chan polo seu propio sangue. "Quedan detidos! Quedan detidos!", oíuse polos altosfalantes camuflados no teito. Entón un dos rapaces, de aspecto oriental, tirou a capucha picuda tipo monxe e berrou. "Nunca, mandril!". Ensinou os explosivos que levaba aderidos ao corpo e a escena estoupou en bólas de lume moi bonitas que se foron esvaeando polo cuarto.

–Abriches polo final.

–Póñoa no principio?

–Non, que xa aburre.

Chamábanse Canon e X. Florencio. Na época que aínda baixaba ao ciber e ás compras dicíanlle Pepe. Despois deixou de baixar e pedía todo por Canon. Na rúa había moita inseguridade cidadá. Gustábanlle os follados de Hildita, na rúa Alameda, os de merengue. Os dous eran de ollos azuis e altos e medían un oitenta e cinco. Canon adoraba a muscarina sintética. Xamais perdía ao xadrez. Vivían sós.

–Ti sabes o que pasa cos gatos recién nacidos?

–Os gatos recién nacidos son criaturas encantadoras. Pesan ao redor de douscentos gramos, aliméntanse do leite materno e desenvolven axiña habilidades de caza mediante o xogo.


Na pantalla apareceu un gato pequeniño, moi pequeniño, saltou sobre a mesa, de amplos cadrados brancos e negros, coma baldosas, e chiscoulles un ollo e miañou.

–Non, non te conectes. Eu falábache dun recordo.

–Cóntamo.

–O costume era matalos, se acaso deixar un, para evitar que a casa se inzase de gatos por aquí e por aló.

–Como os mataban?



–Hai varios métodos. Quen tiña terra cerca da casa enterraba a camada viva...

A holoimaxe que se formara na mesa de xadrez foi engadindo obxectos: terra removida, un home e unha pa. Florencio contraeu os labios con xesto de fastío.

–Que apagues, ho... Lembro moi difusamente a meu avó cortándoos en dous cunha machada. Ao verme alí posto eu creo que se viu obrigado a explicarmo. Díxome que tentara afogalos e que sufrían máis.

–Tivo que ser moi doloroso para ti.

–Díxome que había xente que compraba éter para adormecelos, pero que a el non llo vendían os da farmacia. –Ti non tiveches avós.

"Informativo especial. Son as 21:45. O centro de Artabria acaba de verse sacudido por...". Procurou tabaco. Levantou unha revista dobrada por se estaba debaixo. Había un paquete liso, dous ou tres cigarros como moito.

–Para de fumar. Máis de mil substancias psicaditivas...

–Cala a boca. Estás hoxe rallante –dixo, petando contra o coteno do polgar a cabicha do cigarro.

Canon deixouse en silencio. O informativo foi reducindo volume de maneira case imperceptible. Cambiou de tema.

–Parece que xa se lles coñece aos días. Hai un mes, a estas horas, era noite.

Esperou. Despois levantouse e foi remexer ao caixón baixo das pastillas. Encontrou pintura de unllas e quedou de pé, lendo a etiqueta. Probou o esmalte no dedo índice. Podería permanecer horas sobre aquel recendo. Tamén lle prestaba o do betume e o do gasóleo.

–Ven.

Florencio mirouno tenramente unha vez que levaba mediado o cigarro. Ergueuse a persiana. Sentíanse fóra as sereas. Varias patrullas iluminaban os restos da tarde, o metal violeta do ceo.

–Ven, anda. Dáme un bico.

Canon foise acomodar sobre as súas pernas e bicouno na meixela, poñendo o cu no brazo do sofá para non esmagalo. Florencio tocoulle as tetas amplas e redondas suavemente, xogou a sopesalas. Pasoulle a man polo cabelo roxo. Logo levouna ao final do ventre coa mesma suavidade.

–Parece que medra algo aquí –murmurou.

Canon sorriu. Separou as pernas para que lle tocasse tamén a vaxina.

–Queres?

–Non, durme, anda.

Canon adormeceu. Alasaba en ondas profundas, rítmicas. Rodeouno cos brazos e peiteoulle as guedellas da sen por riba da orella. Acabou o pitillo. Matouno contra un cinseiro que era unha vieira negra de plástico ignífugo, moi chula.

–Esperta un momento.

–Que? –dixo Canon, volvendo a sorrir xusto no intre que abría os ollos–.

–Durmías?

–Claro. Dixéchesmo.

Ergueuse, sen descabalgar de Florencio, e apoiouse coas mans atrás, no repouso acolchado da cadeira. A súa cara semellaba fresca, como se tivese arrubiado ou enxaugado a pel mentres durmira aquel cachiño.

–Ti cres que o do catarro pode ser unha resposta psicosomática?

–Debida a un sentimento de culpa?

–Quizais.

–Non, responde.

–A literatura médica é ampla ao respecto. Moitas patoloxías debidas a comportamentos asociais derivan en pequenas doenzas oportunistas, normalmente virásicas, que aproveitan a minicrise de células T e outras da linfa humana para proliferar en apenas catro ou cinco horas, nun mecanismo similar ao enfriamento por axentes exteriores.

O ecrán ilustrou a explicación de Canon mediante unha presentación gráfica do sistema inmunolóxico e varias imaxes que tomaron relevo delicadamente. As fotos abandonaron a pantalla e deslizáronse suspensas, azuis, ata se fundiren baixo a iluminación ambiental. Florencio puxo os seus beizos húmidos sobre a boca de Canon, e queceuna, e abrazouno. Respiraron cerca. O alento ulía a esmalte.


–Durme.

Canon tornou as pálpebras. O seu peito baixaba e subía.

–Panel –dixo Florencio.

O teclado virtual xurdiu da nada, xusto fronte á man esquerda. Axustou a temperatura. Pechouno. Decidiu que se deitarían cando a sala escurecese, que había aproveitar os minutos de lavar os dentes e o transo de meditación para artellar a historia da súa familia. Relataríalla no almorzo e gardaría o arquivo.

Notou que o sopor da noite invadía o cuarto, a ausencia das palabras. Agradeceuno. Coma frechas que van e veñen, intuíase o asubío das buguinas. As naves patrulla estouraban daquela contra o cristal. Perdíanse furando o horizonte, coma estrelas. Colleu cos seus brazos o corpo de Canon e botouno na moqueta sen facer ruído. Foi contemplar a ría, as pupilas da cidade, que aboiaban lentamente.





O espello oitavado

Xabier López Rodríguez

Achegouse a un dos conserxes coa inquietude alarmada, as pernas tremelizando. Pero tivo que escoitar a resposta antes de formular a pregunta.

–Por alá, por favor –informoulle o de uniforme–. Aquí, saída. Primeiro por ese lado. Aquí, saída, comprende?

Non, se el era español; galego, por máis sinais. Claro que comprendía. "Só quería que me dixese quen foi o dono daquel espello oitavado".

Encabuxado por saberse en leve ridículo: "Como queres que o saiba eu?. "Só quería que me dixese quen foi o dono daquel espello oitavado".

Encabuxado por saberse en leve ridículo: "Como queres que o saiba eu? A min páganme por procurar que ninguén toque nada, o resto non me interesa".

Aborrecíase en Madrid, por momentos sentía afogo. E fáláranlle ben de Toledo a miúdo, de modo que hoxe por fin se animara a facer turismo. Por aí debería comezar. "As cousas ordenadas sempre están mellor". Pero, no espello, o primeiro reflexo era el, seguro. Era a súa imaxe, a que vía: polo bigotiño un chisco cómico, os ollos nerviosos e os beizos se cadra algo avultados de mais para un home. Despois, xa non, e a partir dese instante xa non aturou moito. "A saída, díxome por aquí? Grazas". Aínda que o conserxe xa era outro, cun uniforme diferente, coma doutro tempo.

Xa volvía a dispararse. Así, nunca había entender. Todo ocorreu no Museo de Santa Cruz, na rúa de Cervantes. Servía o mesmo boleto do Museo dos Concilios e da Cultura Visigótica. O espello está erosionado polo tempo en todos os ángulos. O peso do moito traballo cumprido. E a inscrición dicía:

**ESPELLO OITAVADO DE CAOBA
S. XVII**
(Parroquia dos santos Xusto e Pastor)

Pero o conserxe non soubo dicirlle a quen pertencera. "Aínda así, o primeiro reflexo era eu, diso non dubido".

Despois apareceu esa señora, aínda que non podería xuralo. Tamén podería ser cabaleiro de face amullerada, equivoca. Non se entretivo demasiado tratando de elucidar. A agradable ambiente fresco do recinto virou de súpeto en atafegante bochorno. Saíu tomar unha cervexa.

De calquera xeito, tratábase dun rostro de época pretérita. Brancura suma case láctea, quitando un case imperceptible colorete nas meixelas. Un rostro que apareceu despois do seu primeiro reflexo. Unha face fermosa, malia a pelusilla que amosaba sobre o beizo superior. Agarda, podería dicirse que quixo indicar adiantando a man cando el foi na procura dunha resposta onda o conserxe. Unha man habilmente coidada, coas veas azuladas como querendo fuxir entre os dedos, tamén longos e distinguidos. Unha man case transparente. Non puido agardar. Precisaba unha explicación que non atopou. "Páganlle como vixilante, non como experto en cousas antigas". Case o atropela un coche ó cruzar cara o bar máis próximo. As estreitas rúas de Toledo deberían ser só para peóns.

Custoulle vencer o receo, certo, pero do conserxe aínda volvera ó espello. Ese home, esa muller, falaba agora de modo incesante, o xesto expresivo, axitado tamén como con présa por convencelo de algo importante. Algo que el non era quen de captar. Diante do seu xesto interrogativo e de impotencia, a criatura do espello non puido conter unha gargallada. Silenciosa, pero molesta. Risa espontánea, envexable. Os dentes branquísimos. A boca húmida, vizosa.

E a inscrición dicía. Porque agora, cando xa decidir botarse fóra do sitio, a penas podían distinguirse unhas poucas letras, mutiladas por algunha choiva inexplicable. Xa na rúa, respirou. Necesitaba unha cervexa.

Non lle gusta lembrar. Nunca puido esquecer.

Conto de amor sen asteroides

María Yáñez

Quedaron nun lugar incerto, ben podía ser Boimorto, A Cañiza ou Vila de Cruces, pero do ano dous mil cento e pico. Ignoramos cómo se transportaron ata alí e tamén se se coñecían de antes, parécenos que non. Intuímos que deberon poñerse de acordo mediante algunha tecnoloxía sofisticada, máis avanzada que internet pero menos que a telepatía, pois iso non chega ata o dous mil douscentos e pico. O caso é que quedaron alí porque alí había un achádego importante agardando por eles, eles que eran científicos ou filólogos ou historiadores, tampouco estamos certos. E porque se molaban bastante, e aquí está o miolo desta historia.

As coordenadas que os dous memorizaran leváronos a un descampado non moi lonxe dunha estrada pola que había décadas que non pasaba ninguén. No descampado había un antigo merendeiro de granito cunha inscrición gravada da época: prohibido acampar. Acamparon. Total, había anos que o Seprona se extinguira, uns din que

cun incendio forestal, outros atribúenlle as causas ao aumento xeneralizado de suicidios no corpo da Garda Civil. E a quen realmente os poderían estar vixiando pouco lle preocupaba que acamparan ou que non.

Ela sacou unha cámara –minúscula, probablemente nanotecnolóxica, ou se cadra a levaba incrustada nun ollo, vai ti saber– para inmortalizar a misión e difundila a todo o planeta. Pero ao día seguinte, e se lle apetecía. Mesmo se quería poderíaa difundir ao resto dos planetas, había ancho de banda suficiente. Mais para qué, preguntouse retoricamente mentres el montaba a tenda de campaña.

A esas alturas do milenio non debería ser un home quen se ocupase de montala, pero é que as tendas do século XXII parecen de xoguete, móntanse soas coma quen di e ata está mal que o faga unha dama, non se lle vaia tomar por parva. É máis, se o boom da construción tivese parado a comezos do XXI como se predicía, pisos habería os xustos e a xente nova viviría agora en

sofisticadas tendas coma esta, móbiles e con calefacción. Por que non, cavilou el, pero menuda parvada. Todos eles gañaban abondo para ter un piso, un acaroado ou tres ou catro. Sería por cartos. O malo é que xa ninguén o quería compartir.

El, que como estamos vendo ademais de guapo parecía apañado, ocupárase de levar a cea. Ela non lle preguntou que mercara, aínda que morría por saber se se preocupara de mirar na súa ficha de gustos para coñecer a súa comida favorita. Non llo puxera fácil pero, efectivamente, compráralle uns roxóns. De bote, era o que había na estación de servizo onde parara pouco antes, pero roxóns á fin de contas. Quedouse co detalle.

A noite ía caendo. Foron para os bancos do merendeiro. Abriron dúas botellas monodose de Viña Costeira e puxéronse ao choio. A tarefa en si non era complicada, mais si de gran responsabilidade. Era a primeira vez que o facían, os dous, e ignoraban se había algún tipo de ritual.



Normal que lles dera algo de reparo empezar, mais non quedaba outra: estábanos vixiando, ou iso querían eles pensar.

Diante deles, unha caixa como de anticuario. Os devanceiros chamábanlles "cápsulas do tempo". Metían alí obxectos que consideraban significativos da época na que estaban vivindo, non máis de tres ou catro, pechaban a caixa con chave e agachábanna nun lugar onde non fose descuberta ata varias xeracións despois. Considerábano un galano para as xentes do futuro, un anaco de memoria que os seus descendentes habían apreciar con emoción e curiosidade. Ou polo menos así o agardaban. Os devanceiros tiñan medo a seren esquecidos. Tanto pensaren na memoria. Por iso desapareceron os devanceiros.

Tanto tiña. Tampouco estaban de acordo nas razóns que mataran os devanceiros, pero unha vez que chegaron alí, e co que lles custou dar con ela, non se ían poñer a discutir. Ademais o encontro físico fixo que os dous corroborasen mutuamente que se molaban, así que nese intre non tería moito mérito convencer de calquera cousa o contrario.

E foi como alí, en Vila de Cruces, Boimorto ou A Cañiza, que máis ten, os nosos dous protagonistas foron pensando en proceder a apertura da Cápsula do Tempo. Para algo foran elixidos, e o momento crucial xa se estaba demorando.

Aínda así, decidiron xogar a adiviñar qué había dentro das caixas para darlle máis misterio a este relato. Poderían activar os lentes de raios x, pero ademais de ser trampa a el quedáranlle esquecidos nos baños da estación de servizo do espazo sideral na que pillara os roxóns. Así que conviñeron en empregar o oído, coa axuda tamén dunha prótese pois a capacidade auditiva foi unha das cousas das que a súa xeración perdera moito con respecto aos devanceiros, e por culpa destes e da súa filosofía: "Para o que hai que oír.". A selección natural fixera o resto.

Antes de comezar arrimáronse un a outra para se diciren unhas cantas palabras aos respectivos oídos que non fomos quen de percibir. Talvez ela estaba moi guapa esa noite, talvez el xa un pouco peneque, talvez o seu arrecendo lle lembraba as devanceiras, talvez falando de devanceiras era mellor deixarse de lérias que había que abrir a caixa e a eternidade bot baselles enriba. Talvez si.

Volveron cabo da caixa. El colleuna e sacudiuna con delicadeza. Demasiada delicadeza pois nesa primeira aco-

metida non foron quen de percibir son ningún. Repetiu a operación con algo de m is ansia e aí si. No cofre parecía non haber máis ca un obxecto. Para, non me digas máis, pensou ela: repasou o disco duro, o século XX estaba inzado de acontecementos máis ou menos relevantes, se tiña que poñerse na pel dos devanceiros e pensar que puideron decidir que fose de interese para as xeracións vindeiras. Unha copia do Estatuto do 36? Do do 81? Non, para que, se os sucesivos estatutos deste país xa os tiña memorizado cada cativo dende que lle introducían os datos na escola. O Sempre en Galiza? Memorias dun neno

labrego? Joder tía, que rancia es. E por que ten que ser un libro? Ela arrubiose. Parecéralle, ao peso. En fin, eles eran investigadores, científicos (de Humanas), e isto pretende pasar por relato de ciencia-fición. E o legado tiña que ser cultural e simbólico, coñecendo os devanceiros. Mmmm. un disco, que daquela aínda os había. De Milla-doiro? El mofouse. Eses que eran, os músicos do Pórtico da Gloria? E por que non de Regina dos Santos? Empezaron a rir, e a mesturar épocas. Ser un casete de Carmiña Burana? Ser un iPod co derradeiro discurso de Castelao en mp3?


Máis risos, si, pero levaban alí chantados case unha hora e aínda non deran aberto a maldita cápsula. Desbotada tamén a opción musical, prescindiron das próteses auditivas e seguiron barrenando. Unha camiseta do Dépor? Ela rifoulle. E por que non do Celta? Unha medalla olímpica de remo? Unha gorra do Supermartes? Unha centola petroleada polo Prestige? Un dvd-facsíml dalgún filme do director de culto Juan Pinzás?

Non, todo iso xa estaba no Museo do Pobo Galego. Un sacho? Xa estaba alí no século XX. Pois non che sei. Ten que ser algo realmente transcendente, ou polo menos útil, ou polo menos de ben quedar. Como non sexa un xogo de café de Sargadelos. Hehe, vai ser mellor pedir papas. Si por favor, abrámolos dunha vez.

Ela tiña preparada a cámara nanotecnolóxica. Brill banlle moito os ollos, mais esta vez non era o zoom óptico nin tampouco o viño. Era outra cousa, que el axiña detectou. Estaban de acordo. Chimpáron coa caixa e entre risos e xuramentos guindárona ao baleiro. Logo quedaron calados. Fitaron un para o outro, encetaron outras dúas monodoses de Viña Costeira e brindaron. No espazo sideral de -mollémonos- Vila de Cruces sentiuse un escachar de louza.

O ceo estaba despexado.





Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e Soedade Noia. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Correo:
mare@galicia-hoxe.com

10 / MARZO DE 2005 - NÚMERO 556

rdL REVISTA
DAS
LETRAS



As guerras
do século XXI



O 11 de marzo do 2004, Europa enteira espertou estremecida polo atentado da Estación de Atocha, que deixaría tras de si máis de cen mortos e unha conmoción social sen precedentes no continente. Aínda hoxe, as secuelas daquel atentado reivindicado por Al Qaida seguen permanentes na sociedade española, tanto nas consecuencias e significación do contorno das vítimas como na axitación política que provocou. Como pano de fondo da crise unha guerra, a de Iraq, e unha política, a desenvolvida nos Estados Unidos polo presidente Bush, que abriron unha fenda difícil de salvar. Sumido nun panorama de guerra perpetua, con eleccións que se celebran incluso en plenas

armadas, o mundo da globalización vive o día a día nunha orde social bélica, onde as garantías de liberdade e democracia semellan cada día máis inalcanzables. As guerras –que Michael Hardt e Antonio Negri definen xa como unha “guerra civil” na sociedade globalizada– esténdense polos cinco continentes e abranguen, de xeito especial, como nun terrible retroceso de civilizacións, o enfrontamento entre o cristianismo e o islamismo, nunha tensión que fai esquecer algunhas das máis punxentes lacras do planeta, desde a pobreza á liberdade. Así é como comeza este século XXI de futuro tan incerto como improbable resulta o pasado.

Os inimigos inmateriais

Michael Hardt e Antonio Negri

A posibilidade de democracia está hoxe escurecida e ameazada polo estado endémico de guerra mundial. É verdade que a democracia, en todas as súas formas nacionais e locais, nunca deixou de ser un proxecto incompleto durante a época moderna. E certamente os procesos de globalización dos últimos decenios aportaron novos desafíos, pero o obstáculo principal á democracia é, actualmente, o estado de guerra global. Ou mellor dito, o soño moderno da democracia pode parecer definitivamente perdido na nosa era de globalización armada. A guerra sempre foi incompatible coa democracia. Tradicionalmente, a democracia quedaba suspendida en tempo de guerra, e o poder era temporalmente confiado a unha autoridade central forte para afrontar a crise. Hoxe que o estado de guerra ademais de global é de duración indefinida, sen un término á vista, a suspensión da democracia tamén é indefinida se non permanente. A guerra reviste hoxe un carácter xeralizado, asfixia a vida social e expón a súa propia orde política. Nestas condicións a democracia semella irrecuperable de afeito, profundamente sepultada baixo os arsenais e os rexímenes de seguridade do noso estado global.

[...]No mundo de hoxe existen numerosos conflitos activos, algúns de curta duración e confinados nun lugar determinado, outros duradeiros e expansivos. Estes conflitos deberían ser considerados non como exemplos de guerra senón máis ben de "guerra civil". Pois mentres as guerras, segundo a concepción tradicional do dereito internacional, é un conflito armado entre entidades políticas soberanas, a guerra civil é un conflito armado entre combatentes soberanos e/ou non soberanos "dentro dun mesmo territorio soberano". Pero agora, esta guerra civil non hai que entendela dentro dun espazo nacional –xa que deixou de ser a unidade efectiva da soberanía–, senón no territorio global. Desde esta perspectiva, todos os conflitos armados actuais do mundo, fríos e quentes –en Colombia, Serra Leoa e o Aceh como en Isarael/Palestina, a India/Paquistán, Afganistán e Iraq– deberíamos consideralos como guerras civís do Imperio, aínda que existiren a intervención dalgúns estados. O cal non significa que eses conflitos mobilicen todo o Imperio, xa que, en efecto, cada un deles é local e específico, senón que existen dentro do sistema imperial global, polo que están condicionados e ao que, á súa vez, afectan. Polo tanto, ningunha guerra local debe ser contemplada ailladamente, senón como parte dunha grande constenlación, vinculada en maior ou menor grao a outras zonas de guerra, así como a zonas que por agora non están en guerra.

Os atentados do 11 de setembro do 2001 contra o Pentágono e o World Trade Center non crearon nin cambiaron fundamentalmente esa situación global, pero talvez nos obrigaron a recoñecer o seu carácter xeral. Non hai escapatoria ao estado de guerra dentro do Imperio, nin se lle ve un final. [...]

A estratexia moderna de confinar a guerra a conflitos entre estados é cada vez menos viable, dada a emerxencia de innumerables conflitos armados desde a África Central até América Latina, e desde Indonesia até o Iraq e Afganistán. Nun sentido máis xeral, tal estratexia tamén se viu socavada polo feito de que a soberanía dos estados-nación declinou, formándose no seu lugar, unha nova soberanía, un Imperio global. Podería parecer que esa situación representa a culminación do soño da modernidade liberal –desde a noción Kantiana da paz perpetua até os proxectos prácticos que inspiraron a Sociedade de Nacións e a Organización de Nacións Unidas– na medida en que a fin das guerras entre estados soberanos sería a fin da posibilidade bélica en xeral, e o reinado universal da política. Pero o que ocorre hoxe é que, en vez de avanzar cara á paz en cumprimento dese soño, nos vemos catapultados ao pasado e devoltos ao pesadelo dun estado de guerra perpetuo e indeterminado, á suspensión do imperativo legal internacional, e á ausencia dunha distinción clara entre mantemento da paz e actos de guerra. [A finais do século XX e comezos do XXI] vemos síntomas do cambio na natureza da guerra. A [súa] retórica, por suposto, víñase usando hai tempo para actividades diferentes da guerra mesma.

As veces, aplícanse metáforas bélicas a formas de competición e relacións de forzas que xeralmente non supoñen violencia letal nin derramamento de sangue, como os deportes, o comercio ou a política interior.

[...] En ocasións, o discurso que invoca metáforas bélicas é unha manobra de estratexia política co fin de lograr a mobilización total das forzas sociais para un propósito común que é típico do esforzo bélico. A loita contra a pobreza [desde primeiros dos anos sesenta é un exemplo, pero como] a pobreza é un inimigo abstracto, e os medios para combatela son de natureza non violenta, o discurso bélico neste caso quedaba nos dominios da mera retórica. Coa guerra contra a droga, en cambio, iniciada no decenio de 1980, e aínda máis coa guerra contra o terrorismo deste século XXI, a retórica bélica empeza a adquirir un carácter máis concreto.

Estes discursos bélicos mobilizan todas as forzas sociais con máis éxito que a guerra contra a pobreza, e suspenden ou limitan o diálogo político normal. E, sen embargo, estas guerras non son tan metafóricas porque, igual que a guerra segundo a concepción tradicional, implican o combate armado e o uso letal da forza. Nestas guerras cada vez hai menos diferenza entre o interior e o exterior, entre conflitos estranxeiros e seguridade interna. Así pasamos da invocación bélica metafórica e retórica ás guerras verdadeiras contra uns inimigos indefinidos e inmateriais.



O conflito eterno

S. Noia e A.R. López

Dende a caída do muro e a carnicería do Golfo -tan cínicamente aplaudida pola totalidade dos gobernos de Occidente e os seus palomos amestrados- escoitamos un discurso ou exposición doutrinal de resonancias idénticas: a man invisible do mercado guía a marcha cara ó progreso e conduce a humanidade enteira a uns cimos de desenvolvemento e prosperidade nunca visto. A sentenza, arrancada de Juan Goytisolo, fai marco do mundo do século XXI: un mundo que, a prol da democratización, acomete as maiores barbaries. Unha cultura da guerra encistada e silenciada abre unha crónica sobre os conflitos bélicos inacabados _Afganistan, Chechenia, Iraq..._ e os que se asoman: Libano, Siria, Irán en foco. Europa, a Europa dos vinte cinco, tampouco escapa, a pesar do seu immaculado mapa democrático, a violencia armada. Tres veas seguen hoxe abertas: Chechenia, Kósovo e Nagorno-Karabakh.

Chechenia volvía ser este mesmo martes titular dos xornais logo de que o Exército ruso asasinara o seu presidente na sombra, o mítico Aslán Masjádov. A pugna por controlar as vías de saída do petróleo que emana do Mar Caspio cara a Occidente non deixa respiro a un pobo ao que o imperialismo zarista arrebatou a liberdade no XIX e que 150 anos despois reivindica a súa independencia. As mortes superan a día de hoxe o cuarto de millón: mortes provocadas polas dúas guerras máis actuais: a primeira de 1994-1996 e a segunda dende 1999 ata a actualidade.

Máis solapado vive o conflito en Nagorno-Karabakh: un enclave de maioría armenia en territorio azerbaijano de 4.400 quilómetros cadrados, que autoproclamada república independente no 1991, ninguén recoñece a súa autodeterminación. Arredor de 300.000 armenios e 350.000 azerbaijano desarraigados -segundo datos de ACNUR- viven nun éxodo onde máis de 30.000 persoas perderon a vida. Nun futuro incerto mantense a fronte de Kosovo, con demasiadas contas pendentes para rexer o seu futuro dentro de Serbia. Os dereitos máis elementais das minorías étnicas, sobre todo serbios e xitanos, seguen sendo pisados por unha maioría albanesa que non esquece a época Milosevic e a inseguridade impide a volta ás casas da maioría dos desprazados durante a guerra de 1999. Ven certo é que a multitude ten o seu lado escuro e que é, máis que nunca, preciso que encontremos un xeito de captar as sinais do aviso e de recoñecer as posibilidades do mundo contemporáneo. "Cando o estado de excepción é regra e a guerra condición interminable, desvanécese a distinción entre guerra e política." advirten Hardt e Negri en "Multitude".



Son tres as fronteiras abertas en Europa, a mesma Europa colonial que deixou como herdanza ós países africanos as fronteiras deseñadas na Conferencia de Berlín no 1885. Occidente ataba África en curta cando nos anos sesenta os estados africanos accederon á independencia. Perdida a importancia xeoestratéxica que tivo en tempos da Guerra Fría, África está abandonada á súa propia sorte, mentres a abundante riqueza mineral, lonxe de ser explotada no seu beneficio motiva e financia a maioría dos conflitos do continente. Intereses económicos locais e internacionais agóchanse no tráfico de armas e materias primas: un motivo demasiado poderoso para que alguén levante a voz polo que a saída se debuxa única: a fuxida e éxodo de inmigrantes.

Sobre o deus mercado malvive África: do norte ao Sur e ante a pasividade da sociedade internacional. África é ese contedor mundial de miseria creado a instancia do capital. No norte, a loita por evitar que o islamismo radical tome o poder en Alxeria e xere a inestabilidade do Magreb provocou máis de 120.000 mortos. A idea é mostrarlle á opinión pública que, fóra do sistema actual, só quedan as matanzas do Exército Islámico de Salvación (EIS) e do Grupo Islámico

Armado (GIA), cando a estas alturas distintos analistas dan por certa a instrumentalización destes grupos por parte do poder. doutro lado da fronteira, os saharauis esperaban a visita do secretario Xeral da ONU, Kofi Annan.

O desterro e o esquecemento son o destino dun pobo, que foi organizándose no exilio ata contar cunha estrutura semellante á dun Estado: un Estado sen territorio nos que se suceden os campos de refuxiados á espera da súa lexitimación.

De camiño ao sur, centos de miles de congoláns espaxados en campos de refuxiados e herdeiros de 27 anos de guerra civil abrollan detrás dos cobizados diamantes e o petróleo de Angola. Mortos diarios que non saen na prensa como as tensións

crecentes en Costa de Marfil entre as augas norte-sur: entre o norte de maioría musulmá coas maiores explotacións de cacao e o sur máis pobre. A caída dos prezos nas materias primas na década dos 80 e o golpe de estado de 1999 sumiu o país nunha crise da que non se recupera. E cando o exilio é tan cruel como a guerra vólvese a mirada cara a Guinea Conakry, un país con sona de acolledor onde foron parar miles de persoas que fuxían dos sanguinolentos conflitos que convulsionaban os seus países de orixe: Serra Leona e Liberia. Hoxe, arredor de medio millón de refuxiados se enfrontan á violencia das guerrillas

0 11 de Marzo

Os atentados do 11-M puxeron de manifesto que España deixara de ser base loxística ao terrorismo islamista para converterse en obxectivo directo das súas accións criminais. Ata entón, as súas actividades estaban dirixidas ao financiamento a través da delincuencia común e o recrutamento entre a poboación inmigrante de guerreiros para os conflitos Bosnia, de Afganistán ou de Chechenia. O cambio de estatus que supuxo o atentado de Atocha foi unha decisión tomada, segundo os investigadores policiais, como reacción á posición do Goberno español no conflito de Iraq. Os suxeitos máis radicalizados buscaron a colaboración doutros individuos para lograr apoio loxístico e financiamento a través do tráfico de drogas e a delincuencia común. Así se reproduciu en España o esquema seguido por Al Qaeda nas súas accións, caracterizadas polo uso de explosivos, a intervención de células integradas por nacionais do país con conexións no exterior, ataques simultáneos, accións suicidas e obxectivos occidentais.

Terrorismo: imposible de erradicar

Os especialistas dan por descontado que poida solucionarse de xeito rotundo o terrorismo. " Non se pode eliminar o terrorismo sen eliminar a democracia" chega mesmo a dicir Jerrold Post, profesor de siquiatría e sicoloxía política na universidade estadounidense de Georgetown, a mesma na que traballa o ex presidente español, José María Aznar. Mesmo as conclusións do Cumio Internacional sobre Democracia, Terrorismo e Seguridade celebrado en Madrid subliñaron que non existe un único terrorismo e que o obxectivo de eliminar o terrorismo non é "realista", aínda que si se puidesen "reducir e conter" os factores que, como a pobreza, desencadean situacións de "frustración", que poden levar a unha "cultura do resentimento" que alimenta as filas das organizacións terroristas. O tratamento paliativo nunha democracia, aseguran eles, pasa por traballar nas escolas, nas igrexas e nos cárceres, onde se radicalizan as persoas, e poder evitar a entrada ou facilitar a saída de grupos radicais.

Índice de fotografías: en portada, pegada nun muro en Bagdade. Páxina 2, acto en Estados Unidos contra a política de Bush en Iraq. Na páxina 4, soldado en Iraq. Na páxina 5, neno que padece malformacións por efecto do axente laranxa. Na páxina 6, atentado en Chechenia (esquerda) e Putin e Bush nunha reunión bilateral. Na páxina 7, neno ferido en Palestina (arriba). Abaixo, atentado musulmán en Indonesia e un militar facendo patrulla no Congo. Na páxina 8, a periodista Sgrená e torturas do exército do Reino Unido en Iraq.

fronteiras, ademais do abuso das propias milicias guineanas. É en Liberia onde se intenta pechar unha guerra civil que se cría terminada no ano 1997, cando Charles Taylor gañou, non sen polémica, os comicios presidenciais despois de oito anos de enfrontamentos: a saída de Taylor do poder e a sinatura dun acordo de paz entre as guerrillas e o executivo liberiano pode significar, segundo os analistas, o principio da fin de catorce anos de conflito.

Tamén os enfrontamentos relixiosos levan anos segando vidas en Nixeria: loitas entre cristiáns, credo minoritario, e musulmáns, con hexemonía nas rexións do norte, sosteñen unha inestabilidade endémica, como sucede nas guerras étnicas da república de Burundi. Os enfrontamentos en hutus e tutsis deixaran máis de miles de mortos nunha guerra civil de once anos e aínda que o país parece camiñar cara á paz, as guerrillas non parecen estar dispostas a cesar os ataques.

Máis do mesmo acontece na República Centroafricana, onde na última década a corrupción e a inestabilidade política provocaron numerosas intentonas golpistas contra o presidente Ange-Fleix Patassé, que finalmente tivo que refuxiarse no Camerún tras a asonada do 15 de marzo do ano 2003.

É Senegal un dos estados que máis alto prezo pagou pola súa independencia. A imaxe dun neno que perdeu unha das pernas pola explosión dunha mina antipersonal en Ziguinchor é só un episodio máis dunha fonte de batalla aberta pola rebelión independentista na rexión da Casamance, na zona máis meridional dun país que nos últimos anos viu medrar as tensións debido á superpoboación.

Atrás quedan as imaxes do impacto mediático en Somalia, cando os marines estadounidenses abandonan Mogadiscio. Os corpos de 18 rangers sen vida, arrastrados polo chan, foron demasiado para a sensibilidade do público norteamericano, o mesmo que non alzou a voz cando, sen forzas das Nacións Unidas, os mesmos xinetes do apocalipse camparon ás súas anchas polo corno de África.

E que pasou coas imaxes do xenocidio en Darfur? Dúas décadas de guerra civil entre o norte e o sur, entre musulmáns e cristiáns, e o azoute permanente de secas, inundacións e fame, sumen o Sudán nunha profunda crise humanitaria. E arrincan os titulares de portada: 4,5 millóns de sudaneses viven na pobreza como refuxiados ou desprazados, dous millóns de persoas morreron e outras tantas corren o risco de perecer de fame.

En África, a tiranía e a miseria son moeda en curso. A crise económica, a fame e a sida forman parte da realidade cotiá de Cimbabue; unha situación que contribúe a agarrar o presidente do país, Robert Mugabe, quen tras vencer unhas eleccións de dubidosa legalidade no 2002, se aferra ao poder acalando

a voz disidente. Tiranía, miseria e expolio dos que deberían dar conta os conglomerados e grupos financeiros que, coas centrais de decisión instaladas nos ricos Primeiro, Segundo ou Terceiro Mundo, aspiran á dominación do planeta.

Da súa espesa sombra tampouco se libra Latinoamérica que, logo de deixar atrás a época das escuras dictaduras militares dos anos 60 e 70, aínda arela unha democracia real. O narcotráfico e a represión indíxena seguen sendo parte deses conflitos esquecidos: Colombia, onde catro décadas de enfrontamentos internos converteron o país nunha nación aterrorizada pola guerrilla, os paramilitares, o narcotráfico e a delincuencia. A guerra é negocio e a cocaína, por suposto, tamén.

Ao pé, México asiste a rebelión indíxena e nin sequera o apoio popular ó Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN), liderado polo carismático subcomandante Marcos, logra evitar a súa marxinação. Imponse a resistencia establecendo municipios autónomos en base a súas leis e cultura, na marxe do Estado Federal que os oprime.

E de Asia, o máis extenso e poboado dos continentes, chegan as crónicas e as fotos máis cruentas. Como as de Afganistán onde a morte chegou do ceo. Milicianos da Alianza do Norte vían o bombardeo das posicións talibán pola aviación dos Estados Unidos: mísiles e bombas que "limparon" a distancia a zona talibán nunha campaña rápida que deixa unha dolorosa posguerra; unha difícil e colonizada reconstrución nun país que o 9 de outubro celebrou as súas primeiras eleccións.

Nas fotos de Nepal, vense os cadáveres de maoístas asasinados polos soldados do exército real en Rumjatar, ó leste de Katmandu. Torturas, asasinatos e outras violacións son o pan de cada día nuns conflitos que esquece a televisión. Como os máis de vinte anos de guerra civil en Sri Lanka onde os combates entre o exército e a guerrilla támil segaron a vida de máis de 65.000 persoas. Os motivos ideolóxicos, con reminiscencias da Guerra Fría, e étnicos avivan os enfrontamentos en toda Asia que ve como os interese por dominar os recursos naturais e enerxéticos abren o abano das desigualdades. E na desigualdade, a miseria que é verdadeiro motor da confrontación.

E mentres en Birmania os estudantes deixan as súas vidas contra a represión militar que aplasta calquera disidencia, a artillería do exército indio faise forte na fronte de Rampur nun perigoso duelo entre India e Paquistán que se disputan dende hai seis décadas a soberanía de Jammu e Caxemira, un territorio baixo o control de Nova Deli. Ademais dos grupos separatistas pro paquistaní, existen sectores que reclaman a independencia, o que vén pór máis leña o lume no enfrontamento entre as dúas potencias nucleares, convertendo o pequeno enclave do Himalaia de máxima perigosidade no centro de Asia.



Chechenia proclamou a súa independencia o 2 de novembro de 1991 e seis meses despois adoptou unha Constitución que definía a República Chechena como un Estado secular –pese a que a maioría da poboación é musulmá. Rusia nunca aceptou a secesión desta rexión caucásica e en 1994, as primeiras tropas rusas entraron a Chechenia. Grozny, a capital sufriu bombardeos intensos que a deixaron practicamente estragada. Houbo denuncias de violacións dos dereitos humanos e Rusia recibiu amoestacións dalgúns países. Os grupos armados separatistas chechenos comezaron a cometer atentados non só contra as tropas rusas senón contra civís agora xa dentro do propio territorio ruso. En febreiro do 2000, tropas rusas instalaron un goberno marioneta. A guerra entre os militantes secesionistas chechenos e o Exército ruso continúa e, a xulgar polos últimos feitos, será longa.



A Comisión de Dereitos Humanos da ONU, próxima a iniciar en Xenebra o seu período anual de sesións, debería "condenar as desaparicións, torturas e malos tratos a persoas detidas por Estados Unidos" como parte da súa loita contra o terrorismo. Así o reclama a organización non gubernamental Human Rights Watch (HRW), que afirmou que con esas accións o Goberno do presidente George W. Bush dá un "mal exemplo" e debilita as normas internacionais de protección dos dereitos humanos. "Non tentamos dicir que Estados Unidos é o peor violador dos dereitos humanos, pero si que é o máis influente", dixo o director executivo de HRW, Kenneth Roth. Nese sentido, explicou que ultimamente varios Gobernos que violan esas normas fundamentais se escudan e tentan xustificarse aducindo que Wáshington tamén o fai.

Asia: unha terra que viu nacer non só as máis importantes relixións politeístas –hinduísmo e budismo– senón tamén as dúas das tres grandes relixións monoteístas, cristianismo e xudaísmo. E moi cerca delí, na península arábica, a outra: o islamismo.

Entre unha raia desmilitarizada divisoria, os soldados surcoreanos apuntan as súas armas á Corea do Norte. Cúmprense máis de cinco décadas desde que se estableceu esta zona que é testemuña de despregamentos militares, trasego de espías dos dous bandos ou de ameazas non cumpridas. Na área próxima asoma Filipinas, moeda de cambio occidental, que é exemplo de cómo a pobreza e a fame seguen engordando as filas do fundamentalismo: os turistas estranxeiros son secuestrados por Abu Sayyaf nunhas accións que conseguen, por unha banda, financiamento, e por outro, resonancia a nivel internacional. O pulso que mantén o Goberno filipino con eles pode inclinarse a favor de Manila, debido á intervención estadounidense no conflito.

De doloroso nacemento dunha nación impónse unha aproximación a Timor Oriental. Pistolas e machetes segaron moitas vidas en xornadas de violencia extrema no xenocidio do pobo timorense que tivo que soportar a vixilancia da Policía indonesia mesmo durante a celebración do referéndum de autodeterminación: os partidarios da unión con Indonesia non aceptaron o resultado e enfrontáronse ós partidarios da independencia, coa complicidade da policía e o Exército. Dende maio do 2002, Timor Oriental sumou á lista de países do mundo: un aspecto que aínda espera o pobo de Palestina, posiblemente o conflito armado máis mediático da actualidade. Os decenios de ocupación israelí de Cisjordania, a franxa de Gaza e os altos do Golán deron lugar ó uso sistemático de medidas contrarias ao dereito internacional humanitario, entre elas a tortura de presuntos terroristas, a demolición de casas, as detencións administrativas sen debido proceso ou as deportacións.

A incursión israelí en Cisjordania, dende o arranque da segunda intifada despois dunha racha de atentados suicidas contra civís israelís, suscitaron unha ampla crítica internacional. Existen informes de que os civís palestinos se converteran en obxectivo militar indiscriminadamente, de que se demoleron casas de civís e de que

se bloquearon ambulancias ou de que os xornalistas tamén pasaran a ser obxecto de ataques. Dezaioito séculos antes de Xesucristo, o código de Hammurabi prohibíalles aos poderosos oprimir os débiles. "Quen loita contra o monstro debe coidar de non converterse nun monstro", advertía Nietzsche en 'Más alá do ben e do mal' nunha cita en total vixencia. Pero, ¿quen é o inimigo? Armas, armas biolóxicas, armas nucleares, armas químicas ou armas tóxicas son entradas dun diccionario de guerra na que se podería contemplar a guerra civil, a guerra do golfo, a guerra xusta e inxusta, a guerra limitada, a guerra ambiental, a guerra sen cuartel, a guerra sucia ou a guerra total.

"¡Teñen que traballar máis, as fosas non están cheas!" alentaba unha voz pola radio no campo de Ruanda. En abril do 1994, cando empezou

o xenocidio, a xente estaba pegada á radio: radios co único obxectivo de incitar as masas tutsi a exterminar a hutus. Un ano antes, no 1993, unha actriz do Teatro Nacional de Saraxevo preguntábase ¿Como poden os occidentais permitir que isto ocorra?. "Estánseme –engadíacaendo os dentes, estou cuberta de eczema, non me bañei en meses e eu son unha das persoas privilexiadas desta cidade. Sei que ninguén no exterior sabe o que realmente está ocorrendo aquí; todos pensan que somos salvaxes dos Balcáns vindicando unha antiga querela sanguinaria. É unha idiotez total, por suposto. Pero, aínda que isto fora o que pensan, incluso se non veñen

axudarnos porque temos a razón da nosa parte ¿por qué non nos poden axudar por razóns humanitarias?". Caía un diluvio de fogo e un soldado escribe: "Acabo de darme de baixa do Exército no que servín en Bosnia como casco azul".

O medo como condición permanente e a democracia como soño imposible cercan as expectativas dun colectivo que debería volver soñar en termos de revolución posible: contra a cultura da guerra, contra o capitalismo voraz. Apunta Vargas Llosa –quen cre que a política de Margaret Thatcher foi a revolución máis fecunda que tivo lugar en Europa no século pasado– que a responsabilidade do saqueo, a ruína e a postración dos países pobres recaen a miúdo nos "sátrapas que os señorean". ¿Cantas intervencións directas, indirectas ou solapadas levan os sátrapas para fomentar guerras étnicas, interétnicas, tiranías, xenocidios e fame?



Indonesia, o terceiro país máis populoso do mundo, viviu os catro últimos anos sumido nunha treboada social, política e financeira. O colapso das economías asiáticas, a caída do réxime de Suharto despois de 32 anos no poder, a independencia de Timor Oriental e as primeiras eleccións libres desde os sesenta uníronse a un conflito étnico e relixioso moi violento e á continua denuncia de escándalos de corrupción. A situación fíxose aínda máis crúa co tsunami que arrasou boa parte do Aceh, onde o fracaso do acordo de paz do 2002 entre o goberno indonesio e o separatista do Movemento para un Aceh Libre provocou unha escalada de violencia. Human Rights Watch denunciou atrocidades por ambas as dúas partes, nun círculo vicioso de represalias. A todo iso únese a crecente actividade de varios grupos extremistas islámicos, ós que se relaciona coa rede Al-Qaeda de Osama ben Laden, e que adestran noutras zonas de Indonesia.



Na última década, arredor de 3,3 millóns de persoas perderon a vida nos enfrontamentos ou por andazos e malnutrición na República Democrática do Congo. E nos últimos catro anos, o recrutamento das hostilidades outorgou á guerra de Congo o tebroso título da peor desde a Segunda Guerra Mundial. Como pano de fondo, as riquezas minerais que agacha este enorme país e como personaxes principais os enfrontamentos interétnicos. En decembro do 2002 firmouse un acordo de paz que debía ter posto fin ó conflito que enfrontou a forzas do goberno congolés, apoiadas por Angola, Namibia e Cimbabue, contra grupos guerrilleiros apoiados por Uganda e Ruanda. Pese a que as tropas estranxeiras saíron de Congo e á presenza de cascos azuis da ONU, o estalo de tensións étnicas volveu encher de sangue as aldeas do país. As tropas francesas de mantemento da paz seguen traballando por un alto o fogo duradeiro que poña fin á violencia.

As vítimas

8 | **rDL**
Galicia Hoxe 10/03/05

No mundo calcúlase que hai na actualidade case 650 millóns de armas lixeiras, o 60% das cales está en mans de cidadáns particulares, maioritariamente homes. Segundo un informe feito público hoxe en Madrid por Amnistía Internacional, Intermón Oxfam e a Rede Internacional de Acción sobre Armas Pequenas (IANSA), o 80% das vítimas deste tipo de armas, que poden ser portadas e utilizadas por unha persoa, son mulleres e nenos.

O informe 'Os efectos das armas na vida das mulleres' trata de pór de relevo a relación innegable que hai entre a proliferación de armas lixeiras no mundo, que circulan con escaso control por parte dos gobernos, e a discriminación e a violencia da que é obxecto a muller. Segundo estas organizacións, "polo menos unha de cada tres mulleres foi golpeada, obrigada a manter relacións sexuais ou sometida a algún tipo de abusos na súa vida, o que, traducido a números equivalería a uns 1.000 millóns de mulleres.

Segundo destacou Ricardo Magán, do departamento de campañas e estudos de Intermón Oxfam, "650 millóns de armas lixeiras están a circular libre e impunemente polo mundo" e, engadiu que "fronte á crenza xeneralizada de que os homes son a principal vítima deste tipo de armas nos conflitos armados en realidade son as mulleres e as nenas" as máis prejudicadas polas armas lixeiras.

O informe presentado hoxe é o resultado da interconexión que existe entre dúas campañas destas organizacións: 'Non máis violencia contra as mulleres', creada por Amnistía Internacional e que esixe que os Estados asuman a súa responsabilidade e eliminen as leis que perpetúan a discriminación das mulleres; e 'Armas baixo control', que baixo o patrocinio de AI, Intermón Oxfam e IANSA, esixe un maior control do comercio de armas e busca a sinatura dun Tratado de Internacional na materia.

"A violencia contra as mulleres, sexa con botas, puños ou armas, ten a súa raíz na discriminación dominante que nega ás mulleres a igualdade respecto dos homes", destacou Magán, subliñando que "isto non se debe a que a violencia contra as mulleres sexa algo natural ou inevitable, senón a que se aproba e tolera desde hai moito como parte de prácticas históricas ou

culturais". Tanto AI como Intermón, engadiu, "consideran que a violencia contra as mulleres é evitable".

O informe, segundo explicou Yolanda Román, responsable de relacións institucionais e política exterior de Amnistía Internacional, analiza os catro contextos fundamentais nos que as mulleres son vítimas da violencia: a familia e o fogar; as comunidades e sociedades nas que viven; os conflitos bélicos, e a etapa post-bélica.


O fogar, segundo Román, "era considerado tradicionalmente como un refuxio seguro para a muller". Non obstante, segundo o informe, a maior parte da violencia que sofren as mulleres é obra dos homes cos que conviven. Así, en Sudáfrica morre unha muller cada 18 horas por disparos realizados pola súa parella ou ex parella, mentres que en Francia unha de cada tres mulleres que perden a vida a mans das súas parellas faino por arma de fogo, cifra que en Estados Unidos se eleva a dous de cada tres.

No caso de España, indicou Román, en 2004 morreron un total de 72 mulleres a mans das súas parellas ou ex parellas, once delas como consecuencia de armas de fogo. Dáse a circunstancia, engadiu, de que cinco das falecidas tiñan ordes de protección xudicial. Así mesmo, as ONG expresaron a súa preocupación porque as forzas da orde e os xuíces apliquen de "maneira efectiva" as disposicións para se incautar de calquera tipo de arma en posesión de persoas acusadas de malos tratos.

Ademais, segundo a responsable de Intermón, constatouse en estudos en Estados Unidos que a presenza dunha arma no fogar aumenta por cinco as probabilidades de que a muller sexa asasinada pola súa parella. Para combater este problema, as organizacións pídenlle aos gobernos que adopten leis que impidan que os maltratadores teñan acceso á posesión de armas. No que se refire ó ámbito da comunidade na que residen as mulleres, estas son vítimas con moita frecuencia dos propios funcionarios encargados de velar pola súa seguridade e os seus dereitos: estes funcionarios quen non só non escoitan as denuncias que lles presentan senón que en ocasións "cometen violencia contra elas, sobre todo violacións e agresións sexuais".



O último caso da periodista italiana Giuliana Sgrena, atacada polo exército de Estados Unidos en Iraq cando acababa de ser liberada polos activistas islámicos, devolveu de novo á memoria a historia de José Couso, o cámara galego ao que tamén asasinaron as mesmas forzas durante o seu ataque para tomar Bagdade. E, nesa coincidencia, evoca o crecente número de periodistas que morren cada ano durante o seu traballo nos numerosos conflitos bélicos do planeta, até converterse nunha profesión tan perigosa como a do soldado. De feito, nas guerras posmodernas, nas do Imperio, as vítimas principais deixaron de ser os soldados. O primeiro posto deste terrible ranquin pasárono a ocupar os civís.



Os convenios internacionais estipulan que "os atentados contra a dignidade persoal, especialmente os tratos humillantes e degradantes" están prohibidos en todo tempo e lugar. Tamén na guerra. O conflito de Iraq ou a situación dos presos en Guantánamo, porén, recuperou para a nosa memoria colectiva o sadismo que practican os exércitos, neste caso o de Estados Unidos e a Gran Bretaña. O que está pasando noutras latitudes ou o que pasou na historia recente –como o lembra a película "Hotel Ruanda" sobre o enfrontamento de hutus e tutsi– reborda a imaxinación e lembra até que punto se conseguiron ben poucas cousas no dereito internacional e nos dereitos humanos.

17 / MARZO DO 2005 - NÚMERO 557

rdL

REVISTA
**DAS
LETRAS**

Iconas de carne dixital

Sentir e ver: unha unidade universal entre imaxe e aspiración que tamén recolle o sistema de comunicación de masas no seu afán de idear símbolos cos que subministraren á cultura de masas. Iconas, perfectas e imperfectas, ás que perseguir, acosar ou mesmo facer abrollar da nada na ecuación que máis interese. As imaxes cárganse de significados simbólicos: dende o erotismo do futbolista Beckham a máis glamourosa de Nicole Kidman; do carisma do dirixente nacionalista Xosé Manuel Beiras á picaresca máis especulativa que arranca do escavón nun mitin do mandatario cubano, auténtico totem vivinte, Fidel Castro. Sentado o inequívoco influxo dos medios no mundo actual, a

anécdota chega a definir o territorio da realidade: a voda entre Camilla e o príncipe Carlos de Inglaterra leva regueiros de tinta nunha noticia que, con distancia, non pode ser máis pintoresca. A falta dunha análise virtuosista sobre a finalidade da mensaxe, queda a propia declaración ideolóxica das iconas que o espectador verá, ao fin, máis ou menos próximas.



Xoán Paulo II, o Papa alpinista

A última imaxe que nos achegaron os medios de comunicación do Papa Xoán Paulo II foi a dun home metido nun coche, case inmobilizado, sen capacidade para falar, pero cun xesto que, aínda así, demostraba a dureza do seu carácter: acababa de impoñerlles aos médicos a súa alta e regresaba ao Vaticano saudando os fieis, consciente de que ese contacto é o osíxeno da súa resistencia. Durante días, as televisións de medio mundo emitiron nos seus sucesivos informativos os partes médicos e os comentaristas angustiaron a voz cos peores agoiros do desenlace fatal. As cámaras que amosaran o prelado polaco nas súas incansables peregrinaxes –o “Papa viaxeiro”, gústalle que o chamen así– ansiaban agora captar o seu último salouco. Pero Xoán Paulo –alpinista na súa xuventude– non se dá por vencido. Nin o Párkinson

cabalgante nin as secuelas do atentado de Ali Agca fan bincha nel. Debe resistir, ser exemplo contra o ataque dos que inculcan a eutanasia e contra os críticos que piden a súa xubilación cando el –insiste– aínda debe concluír unha misión. Cun papado que bateu récord de lonxevidade, Xoán Paulo deixará tras de si unha Igrexa con menos fieis que nunca, menos vocacións, afastada da xuventude e as súas inquiredanzas, pero máis apuntoada nas estruturas sociais polo peso que acadaron as organizacións colaterais: o Opus ou os Lexionarios de Cristo. As súas últimas mensaxes son inequívocas da liña que marcou o seu pontificado: o feminismo é pernicioso, a muller está para levar a familia, o matrimonio verdadeiro é o católico e heterosexual, a guerra é perversa pero os guerreiros son honorables.



Michael Jackson, o branco do medo


Nin sequera os xuízos do ditador serbio Milosevic tiveron o seguimento e a audiencia que agora está a ter Michael Jackson pola súa suposta afección pederasta. Crónicas extensas. Reportaxes televisivas. Páxinas e páxinas na prensa do colorín. Estrés. Impuntualidades. Enfermidades repentinas. O divo acudindo en pixama aos xulgados. Os seus amigos asustados: é tal a presión que pode suicidarse. O neno da acusación particular parece que mentiu. Non importa. O espectáculo debe continuar. É inestable. Os seus contables aseguran que caeu na bancarrota: é o pago dos excesos: un comprador impulsivo. Nin todos

os cartos abastarían para encher unha tarde de insatisfacción. Como calquera consumidor de calquera país do mundo globalizado pero ao grande. Un parque de atraccións: recuperar a mirada entrañable do neno que nunca lle deixaron ser no cabaliño do carrusel. E se os virus son o comezo da decrepitude, que ningún virus me toque. Que a miña pel sexa branca: “Son o branco do medo”. Foi, que dúbida cabe, un dos exercicios ansiosos que mellor delatan a estética posmoderna, anómala por voluntaria. A estrela máis rutilante da industria da música. O home máis desgrazado da Terra.



Lula, un obreiro no cambio

Tras tres tentativas frustradas, Luiz Inácio "Lula" da Silva (Vargem Grande, 1945) converteuse, tras gañar as presidenciais de outubro do 2002, no presidente do "Brasil do cambio". Prometeu ser gardián do Amazonas e da súa biodiversidade e converteuse en protagonista dun xiro histórico no país ao pasar a ser o primeiro presidente de esquerdas en catro décadas. O alento dun novo mundo chegou con Lula: unha magnífica noticia para erradicar a ditadura mundial do pensamento uniformado. Tendo na creación de emprego unha "obsesión" e a consecución da "fame cero" unha meta firme, este neno lustrabotas e traballador da industria metalúrxica estaba disposto a erradicar, no primeiro ano de mandato, aquelas lacras que ao tempo facían abrollar na sociedade unha carpeta de novos ideas: ideas de xustiza tras a inclusión social e o desenvolvemento sostido. Líder de varias folgas que aceleraron a fin da ditadura, membro fundador do mítico PT, todas miradas volvíanse ó home tranquilo e conversador que rompía protocolos para confundirse con man esquerda polas rúas eivadas do seu Brasil fráxil e de cotas de analfabetismo extremo. Lula formaba parte da transformación do planeta, mentres o planeta non perdía ocasións para descualificalo nun mar de faltas e reproches. Con nubarróns de guerra imperialista ás portas, Lula mantense, que non é pouco.



Rushdie, o muro do perseguido

A imaxinativa obra de Salman Rushdie está conscientemente escrita contra os estereotipos culturais e as representacións dominantes. Con el faise obrigado repensar o orientalismo, fóra de satanismos maila que sexa o escritor figura satanizada. Un muro de seguridade xemola parello á vida do autor angloindio que, máis dun decenio despois de que o seu país natal prohibira a novela "Os versos satánicos", non logrou acalar as protestas a pesar do seu longo exilio. A Rusdhie –condenado a morte no 1989 polo extinto ayatolá Jomeini, líder da Revolución Islámica de Irán– berrábase-lle anos despois nas rúas de Nova Delhi: "Marchate, márchate". E o home vilipendiado –que mostrou a deconstrucción intelectual, moral e imaxinativa da representación occidental do mundo non occidental– tentaba entrar en concesións ao ver o seu retrato queimado: "eu tamén procedo dunha familia india de orixe musulmá". "Estou aquí para reiniciar a amizade interrompida" _advertiu o autor de "O chan baixo os seus pés", atrincheirado dende hai anos en Londres. A verdade é que poucos musulmáns tomáronse as molestias de lelo e, menos aínda, se interesaron por valorar esa literatura de inmigrantes á que tanto ten contribuído o escritor que, anque escriba na lingua da metrópolis, sempre aparece na liña tercermundista. A través dun novelista coma el, o Terceiro Mundo respira por unha ferida: a ferida de ir perdendo a súa identidade no torbellino dunha civilización sen control.



Beiras, na fábula da presidencia

Carisma, oratoria, claridade, paixón. En Xosé Manuel Beiras (Santiago, 1936) converxe unha persoa fundamental na historia do país. Trobador, que alza a voz para en leccións maxistrais volver sobre o atraso económico de Galicia en edicións que se esgotan e reeditan. Fabulador, que imaxina metáforas para a construción de Galicia consciente de que a fábula é, por momentos, realidade nun país soñado. Este economista, catedrático de universidade, escritor prolífico, ex numerario da RAG, fillo do propietario dunha paquetería, é practicamente dende a década dos setenta, a figura da esperanza para nunha alternativa ao goberno da Xunta. Moito tivo que ver na definición dos principios ideolóxicos do PS de Galicia, siglas nas que militou no 1963 cando iniciou a súa carreira política. Catorce anos despois, na primavera do 1982, participa na constitución do BNG de cuxa Dirección Nacional e Permanente é membro, en representación de E.N. Furibundo retractor da política de Fraga, as súas extravagancias na cámara, con golpes de zapato incluídos, son épicas. Cando o seu brillo comezou a declinar até os seus propios compañeiros o abandonaron, nun acto suicida sen precedentes na política galega. E por disputar, mesmo lle disputan agora no BNG méritos e posicións nas listas das próximas autonómicas, nunha dinámica que pode acarrear o maior desastre electoral da historia do Bloque.


Putin, o insondable

Vladimir Putin (Leningrado, 1952) formouse na KGB, o temible Comité de Seguridade de Estado soviético, e algo do veo distante que envolve os espías permanece no brillo dos seus ollos azuis, insondables. Ninguén sabe en Rusia o que pasa pola cabeza deste home que foi fiel servidor de Chernomirdín –o líder da Nosa Casa Rusia–, de Anatoli Sobchak –o carismático alcalde de Leningrado– e de Jeltsin, ao que sucedeu de improviso cando o ex líder ruso se descompoñía en alcol. Non lle gustan as intimidades nin é pródigo no contacto directo co seu pobo. Aínda así, os rusos adóranlo, talvez porque resplandece nas fotos oficiais como o tsar que é, amo dunha particular vía política onde se mestura o liberalismo e a economía dirixida, o sistema electoral democrático e unha actitude de ditador. Todo iso, nun país que trata de conservar o espírito territorial da Unión Soviética e que, na práctica, depende nos seus negocios das mafias e da nomenklatura reconvertida. Fracasos estrepitosos na súa política como a perda de influencia en Ucraína –coa caída de Kuchma, o seu presidente marioneta– ou o trágico atentado no colexio de Beslán, foron duros golpes á indiscutible hexemonía de Putin, cada vez máis acurralado pola expansión da Unión Europea. Non obstante, el sempre logra sacar un novo exercicio de maxia da súa mirada e, de feito, é o mandatario mundial que mellor sabe namorar as cámaras.



Bush, o pavo


George W. Bush é un político de profesión, o primeiro presidente de Estados Unidos que é fillo de presidente, o segundo dunha dinastía que lle dá cariz imperial a un país no que moitos ven o símbolo do Imperio posmoderno. Célebre por fachendear da súa ignorancia, unido economicamente –e en ideoloxía– coas grandes corporacións petrolíferas, coas tabaqueiras e os fabricantes de armas, aliado dos fundamentalistas cristiáns que o levaron ao poder e entrañable a boa parte do seu electorado polo seu pasado alcólico, Bush é un prestidixitador da imaxe no país onde os medios de comunicación son o vehículo da identidade do pobo. Atractivo para as mulleres –esa mirada inexpressiva dos heroes con cara de madeira de Hollywood, ao estilo de Bruce Willis– e viril para os homes, Bush é o novo Señor das Guerras, sobre todo da de Iraq, á chegou amparándose nos atentados de Al Qaeda, mentíndolle ao seu pobo sobre a existencia de armas de destrución masiva e pasando por riba dos consellos da ONU. Todo para vingar –aseguran– o fracaso do seu pai na loita contra Saddam Hussein. Esa guerra deixounos as que son, sen dúbida, as dúas imaxes máis arrepiantes dos últimos anos: as torturas de Abu Grahb e o propio Bush visitando os soldados en Iraq: sorrinte e rubio de orgullo, Bush sostén unha bandexa cun apetitoso pavo que –descobrese depois– é de plástico.



Fraga, o eterno

Nas eleccións autonómicas do outono, a incógnita non é se Manuel Fraga Iribarne gañará por maioría absoluta ou se o Bloque superará os receos internos. A verdadeira incógnita, a que máis excita nos círculos oficiais e extraoficiais, é cómo será a fotografía de Fraga para a campaña e cantos anos aparentará nela. En cada novo retrato, Fraga rexuenece interminablemente e a medida que os retratos se suceden, el parece irse facendo máis eterno, menos humano e máis divino. É, tal vez o misterioso elixir do catolicismo de Roma, que el segue e defende a capa e espada, alimento da alma e –ao parecer– tamén do corpo. Deus está en todas as partes pero nuns máis que noutros. Os galegos, a maioría dos galegos, admíranlo por esa presenza, case sobrenatural, e el –experto ministro de Información noutros tempos– apontoa esa presenza nos medios de comunicación como poucos políticos o lograron dentro dos límites da democracia. Tras tres lexislaturas, e cunha capacidade de transformación do país á que non foron alleas as partidas da UE, Fraga conserva case intacto o magnetismo pese a encrucilladas como o 'Prestige' ou as revoltas dos seus albaceas electorais en Ourense, Lugo e Pontevedra, temerosos de que o PP de Madrid trate de arrecunchalos. En outubro será a súa nova cita coa eternidade, e a eternidade, xa se sabe, prefere o malo coñecido que o bo por coñecer.





Beckham, o metrosexual

O próximo dous de maio –unha cifra tan grata a Madrid–, Beckham, o centrocampista estrela do Real Madrid, cumprirá trinta anos. Será, sen dúbida, unha data fronteira, tendo en conta que o equipo branco pasa por unha das súas peores tempadas e que os trinta marcan o inicio da madurez dun home que parece pouco dado á reflexión. Non obstante, cando iso ocorra, Beckham terá pasado xa á historia da crónica social contemporánea por ser o home que cambiou o metro masculino ou, mellor, o home que mellor representa o estilo “metrosexual” da sociedade consumista actual. Pendentes, cremas hidratantes, coleta e pelo longo, tinguaduras, roupas pouco ortodoxas, comprensividade sexual, liberalidade social... Todas as características que antes caerían no ámbito da sexualidade dubidosa quedan en Beckham perfectamente ao metro-patrón cunha masculinidade entrañable, unha devoción –non sempre calma– á súa esposa –a ex Spice Girl Victoria Adams– e as súas funcións como pai de familia... E para máis certificado: futbolista, ídolo da testosterona máis rabiosa do orbe e da feromona máis exaltada que a súa beleza inspira. Antes de Beckham, o home era home. Agora, ademais é o home.



Nicole Kidman, a estrela

Cando Hollywood parecía incapaz de fabricar novas estrelas e o glamour semellaba esgotado en Elizabeth Taylor, apareceu ela e converteuse na única superestrela que actualmente existe no universo cinematográfico: Nicole Kidman. O seu só nome evoca pernas longuísimas, unha mirada perversa que é tenra no mesmo envés, unha actriz que deixou os espectadores coa boca aberta des que en 1996 apareceu en 'Retrato dunha dama', de Jane Campion, e Kubrick a colocou xunto ao seu marido –Tom Cruise, o profeta da Ciencioloxía– en 'Eyes wide shut'. As pantallas xa non puideron soltala. Comezaba o vampirismo. Un vampirismo mutuo. Foi tal a vertixe que Cruise non o soportou: aveuse unha ruptura sentimental que ela superou traballando, traballando e traballando. Unha de terror amable con Amenábar –'Los otros', aínda producida por Cruise–, outra de transformación física –'As horas', interpretando a Virginia Woolf, que lle valería un Óscar–, un musical –'Moulin Rouge', que recuperou o xénero para a industria de Hollywood–, un clásico da crítica social –'Dogville', do mago Lars von Trier– e, por último, un regreso ao terror, pero desta volta escabroso en 'Reencarnación', actualmente nos cines. O seu noivado co sátiro Lenny Kravitz non fixo máis que alimentar a lenda. E a lenda medra e medra e medra até onde só ela o poida soportar.



O'Rivas. O'Éxito.

Se a Cultura galega está no globo mediático é en gran parte grazas a Manuel Rivas. Ningún creador, desde Castelao ou Luís Seoane, tivo o carisma e a unanimidade deste escritor que naceu no barrio coruñés de Elviña a finais dos anos cincuenta e que hoxe, case cinco décadas despois, conserva a presenza de rapaz rebelde e comprometido, entrañable e pai de familia, intelixente e lúcido. Desde as linotipias de El Correo Gallego e La Voz de Galicia. Desde 'O Libro do Entroido' e 'Galicia, Bonsai Atlántico'. Desde o ciclostil de 'Loia' e as campañas do mítico pesqueiro Xirelo. Desde Greenpeace e Luzes de Galiza. Desde Esquerda Galega a 'O Mellor', aquel programa humor que se converteu no primeiro éxito de audiencia da TVG. A traxectoria de Manuel Rivas non ten decaemento: O éxito. Literario: premios, supervendas, traducións, críticas impagables. O espectáculo: os seus recitais convocaron o estado enteiro como había anos que ningún verso conseguía. Periodístico: As súas reportaxes en 'El País' son o calidoscopio a través do que Galicia se mira e se gusta: el, ás veces, di que é un enviado da ONU. Audiovisual: as versións cinematográficas de 'A lingua das bolboretas' e 'O lapis do carpinteiro' confeccionaron a imaxe do país no mundo. Activismo: a súa mirada crítica, o seu reclamo social, a súa disposición aberta, convertérono nos últimos anos nunha das figuras con maior relevancia mediática do país.

Incombustible ZP

O seu don é, sen dúbida, o da oportunidade. Incombustible ZP, Rodríguez Zapatero (Valladolid, 1960) cumpriu o pasado día 14 un ano á fronte do executivo do Estado: unha xestión de esquerda logo de oito anos do goberno conservador de Aznar que semellan vinte nun repaso das transformacións. Aquel mozo dirixente do socialismo leonés afín a González chegou á Moncloa e retirou –nun plante á política de Bush– as tropas de Iraq; puxo en marcha o plan contra a violencia de xénero; abordou a regularización dos inmigrantes ou o marco para as unións de parellas homosexuais. Chega e revisa conceptos esquecidos, como a laicidade do estado, a pesares da cruzada en contra da Igrexa Católica. Visita a zona cero de Muxía na crise do 'Prestige' ou móvese ó Carmel. Foi no 2000 cando logra, co lema "o impulso necesario", imporse como secretario xeral do PSOE logo de vencer ó barón e candidato oficial do aparato do partido xa dominado polos renovadores, José Bono, á incondicional de Guerra, Matilde Fernández, e á baza do PSOE en Euscadi, Rosa Díez. O seu son as maiorías, tranquilas e consensuadas, e a súa filosofía a pactista, como mostrou na oposición. "Só gobernarei se o PSOE é o partido máis votado" dixo en precampaña. Logo mantivo: "conseguiremos a absoluta" e conseguíuna. "Prometo que vou gobernar para todos e que o poder non me vai cambiar" e neso anda.



rdL | 7
Galicia Hoxe 17/03/05

Fidel Castro, o tótem vivente

O recente tropezón de Fidel Castro (Birán-Holguín, 1926) nun mitin suspendeu hai uns meses o alento dos seus achegados. Tamén dos media de todo mundo que vertan o tropezón, por secuencias, nas súas portadas. E non é estraño tendo en conta o monumental carácter do "tótem da historia vivente", como o definen os seus biógrafos. Emblema dunha resistencia histórica fronte o imperialismo dos EEUU, Castro –alumno dos xesuítas e líder estudiantil– é hoxe eixe da política mundial e, a súa vida, crónica dun animal político que arranca no 1953 co frustrado ataque ao cuartel Moncada, que lle valera a cadea e a celebridade. Instaurador do primeiro Estado socialista de América Latina logo de derrocar no 1959 o goberno de Batista, o seu nome é sinal dos tempos: tempos de bloqueo ianqui e tempos de balseiros e disidentes na persoa que representa o bastión desobediente, referencia das revolucións antisistema. Contan que ten unha fortuna de 550 millóns de dólares; que lle vendeu a empresa estatal ron Havana Club ó xigante francés Pernord Ricard e que ten un especial deleite polos mariscos, afección que se pode traducir no consumo de "diez vasitos de ostiones", un detrás doutro. Falan das súas doses de egocentrismo ou da súa capacidade cativadora e sábese dos seus interminables discursos de horas e horas. Ata catro nun concerto en Porto, recordando os miles de "gusanos" de Miami.



Bono, a baza do Banco Mundial

O seu nome está proposto para presidir o Banco Mundial, organismo que co FMI e a OMC decide boa parte das políticas económicas mundiais. Bono, o cantante e líder do grupo de rock irlandés U2, figura na lista de candidatos que manexa o Goberno de Estados Unidos que, ao fin, é quen escolle. De momento, as entradas para asistir a algún dos tres concertos da xira española están, tras eternas e endiañadas colas, esgotadas, e o líder da banda anda ensarillado en promocionar a liña de roupa de conciencia social Edun: produción de prezas desexables e útiles que proporciona oportunidades de emprego sostible e relacións comerciais estables en áreas do mundo en desenvolvemento. O seu traballo en favor dunhas axudas económicas máis eficaces para os países máis desfavorecidos e a súa loita contra a sida levaron ao carismático Bono a ser proposto candidato ao premio Nobel da paz. Mágoa que a idea de que leve as rendas do Banco Mundial soe a lavado de cara ante as denuncias de corrupción dunha institución sobre a que pesa a acusación de estar mirando de costas á sociedade. Bono levanta paixóns e sobre a súa estela nace a icona dun novo compromiso que é quen de levar o nobel, un Oscar, un Grammy e facerse cargo do Banco Mundial. ¿Alguén dá máis?.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e Soedade Noia. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Correo:
mare@galicia-hoxe.com

24 / MARZO DO 2005 - NÚMERO 558

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



**TEATRO. QUE SIGA
O ESPECTÁCULO**

Este domingo celébrase o Día Mundial do Teatro, unha xornada na que os profesionais aproveitan para facer as súas reivindicacións sobre o sector pero tamén para celebrar unha expresión que, desde o comezo das civilizacións, axudou o ser humano a entenderse a si mesmo e entender o mundo. En Galicia, o Día Mundial do Teatro ten na entrega dos Premios 'María Casares' –promovidos polo propio sector– o seu acto central, mentres Valle-Inclán se converte, desde hai anos, na figura arredor da cal se reúnen os profesionais españois en recoñecemento dun escritor que puxo os límites dramáticos en latitudes aínda hoxe referenciais. A pesar da baixa lenta –pero progresiva– de espectadores e a pesar da tortuosa normalización do xénero, o teatro conserva intacta en Galicia a súa capacidade de fascinación e afán crítico. Compañías á busca de luces híbridas, grupos que funden con habilidade as coordenadas do 'clown' ou apostas de vocacións vangardista conviven nun panorama versátil onde segue primando o alento clásico e se recupera periodicamente o costumismo. Revista das Letras **afonda nesa versatilidade coa publicación de dous textos dramáticos escritos por dous dos máis representativos autores do recambio xeracional: Raúl Danse Xesús Pisón. Ademais, reproducimos o manifesto internacional, realizado por Ariane Mnouchkine nun dos máis fermosos textos dos últimos anos.**

27 de marzo

Manifesto do Día Mundial do Teatro

Ariane Mnouchkine

Auxilio!
¡Teatro, ven socorrerme!
Eu durmo, espértame
Eu estou perdido na escuridade, guíame, polo menos cara á vela
Eu son preguiceira, avergónzame
Eu estou canso, espíleme
Eu quedo indiferente, párteme a cara
Eu teño medo, anímame
Eu son ignorante, edúcame
Eu son monstrosa, humanízame
Eu son fachendoso, fai que morra co riso
Eu son cínico, desconcértame
Eu son parvo, transfórmame
Eu son malvada, castígame
Eu son dominante e cruel, combáteme
Eu son pedante, faime a burla
Eu son vulgar, faime elevado
Eu son muda, sóltame a lingua
Eu xa non soño, chámame covarde, imbécil
Eu non lembro, mergúllame na Memoria
Eu síntome vella e serea, devólveme o brinco da infancia
Eu son pesado, dáme a Música
Eu son triste, busca a Alegría
Eu son xorda, na tormenta fai ruxir a Dor
Eu estou axitado, axuda a chegada da Prudencia
Eu son débil, aviva a Amizade
Eu son cego, convoca todas as luces
Eu son sumisa na Fealdade, invita a entrar a Beleza engaiolante
Eu fun recrutado polo odio, fai combater todas as forzas do Amor

Ariane Mnouchkine

é unha directora de teatro francesa

*vencellada, desde os seus comezos, á compañía francesa Théâtre du Soleil,
da que foi fundadora en 1964, xunto a outros compañeiros que viña do teatro universitario*



Raúl Dans

Na confluencia e entrelazo das miradas

Do humor ao absurdo, sen liñas predeterminadas. O mundo dramático de Raúl Dans (A Coruña, 1964) vai ligado á identidade do ser humano e o seu rol en personaxes que fan abrollar un retrato do urbano ou o rural cando o urbano e o rural son materia dramática que mesmo enfronta. Drogadictos, trapicheiros, policías corruptos e violadores, asasinos e carteristas nun álbum de autor que se iniciou con 'Water-look' (1990), onde verte unha desaforada visión do desperdicio social e moral do urbano. Tres anos máis tarde gaña o Rafael Dieste con 'Matalobos', unha traxedia rural coa que se incorpora á tradición dramática galega no enlace con Taxes. A forza da terra que arrastra o campesiño a transformarse en criminal volve a ser recreada en 'Estrema' (1999). E tamén coa terra, aínda que explorando as máis modernas técnicas dramáticas compón 'Lugar', premio Álvaro Cunqueiro no 1994. Seguirán as premiadas 'O Paso' (1997) e 'Derrota' (1997) para no 1999 facer recreación do mito de Fausto en 'Cita co diaño' sendo Fausto presentador da tele. Corrupcións e violencia nunha maquinaria teatral onde o eu, non en poucas ocasións, se desdobra.

Total discreción

Luz cenital sobre un home sentado nunha cadeira, espido e atado de mans, cunha venda negra nos ollos

HOME- Perde vostede o tempo comigo. Non lle vou dicir nada. Nin onde vivo nin en que traballo. Nin sequera o meu nome. Nada, ¿está? Son un tipo duro de roer. Pregúnteme polo modelo de coche que me gustaría ter, pola muller dos meus soños ou pola miña comida preferida, se caguei brando pola mañá. A tomar polo cu. Iso é todo o que me vai sacar, así que xa pode empezar a baterme. *(Pausa.)* ¿Nada? *(Pausa longa.)* Oíra marabillas sobre vostede, ¿sabe?, sobre os seus métodos de traballo. E, créame, estaba desexando que chegase este día. Imaxinei a escena centos de veces, paso a paso, con escrupulosa precisión, desde o mesmo momento en que souben que ao cabo nos encontraríamos... Eu estou sentado nunha cadeira, nunha incómoda cadeira de madeira, espido e coas mans atadas, indefenso pero firme na convicción de non dicir unha soa palabra, de poñerllo verdadeiramente difícil polo menos, mentres vostede pasea ao meu redor, en silencio, ao axexo. Até que se detén ás miñas costas. Entón vou eu e sóltolle iso de que son un tipo duro de roer e vostede, cun ton afable, como se eu no lle importase unha merda en realidade, aconséllame que confese, insiste en que é o mellor que pode facer, que antes ou despois se vai saber toda a verdade, que se falo, se digo agora o que sei, ambos os dous poderemos aforrarnos o mal trago do interrogatorio, os golpes, as vexacións... *(Pausa.)* ¡A tomar polo cu! *(Pausa.)* Na miña fantasía é aquí cando vostede me bate. *(Pausa.)* Isto non é máis ca un xogo, un xogo inocente. Os dous coñecemos as regras, sabemos cal é noso papel. *(Pausa longa.)* Talvez non me expresei con claridade. ¿É que non oíu? ¡Pégume! *(O home acusa un golpe na cara. Pausa.)* Non estivo mal para empezar. De algún modo había que romper a frialdade. Pero espero que teña un repertorio máis amplo de recursos. No caso contrario, sería unha gran decepción. *(Pausa.)* Escoite, aseguráronme que sería vostede implacable, que non sentiría piedade, que as miñas súplicas non aplacarían a súa cólera. Por outra banda, ese non é o caso. Ao contrario. Eu quero que me bata. Necesíto. Soa perverso, ¿non si? *(Pausa.)* Advírtolle que non é a miña primeira vez. E tampouco vai ser a última, garántollo. Quizais non sexa vostede, pero haberá outra persoa. Sempre haberá alguén disposto a ocupar o seu lugar. *(Pausa longa.)* De acordo, voulle botar unha man. Vostede quere unha confesión e eu négome a colaborar. Sabe

como debe actuar nestas circunstancias, como conseguir que fale. Só ten que seguir o procedemento habitual. Pero hai un problema. A súa conciencia. Pregúntase se son inocente ou se en realidade agacho algo, por iso vacila. Pois ben, vou despxear as súas dúbidas: son culpable. Aínda que non precisamente do que vostede imaxina. *(Pausa.)* ¿Segue aí? *(Pausa.)* Si, segue aí. Sinto a súa presenza. Mesmo podo escoitar a súa respiración. *(Pausa.)* A súa respiración axitada. *(Pausa.)* O da venda foi todo un achado. Un detalle simple, pero de efectos sorprendentes. As sombras acrecentan a incerteza. Sobre os demais, sobre un mesmo. De súpeto, o oculto asoma a ambos os dous lados. ¿Pensara niso? Sen dúbida. Fíxoo premeditadamente, ¿non si? Os meus parabéns máis sinceros. O medo non só provén así do exterior, do que non ves, da ameaza dunha agresión física, senón tamén de aquilo que ninguén viu de ti, de aquilo que agachas aos demais, a ti mesmo, dese segredo inconfesable que aniña no máis fondo da túa mente, nun recanto turbio e fedorento, e que agora, na negra pantalla da venda, resplandece con dolorosa intensidade. O horror ten dúas caras, é dobremente insoportable e, en teoría, debería precipitar a confesión. *(Pausa.)* Ben, quizais a súa táctica funcione con outros, pero non comigo. Porque eu hai tempo que vin o meu lado escuro. E aprendín a convivir con el, asumino xa como parte esencial da miña existencia. Non foi doado, por suposto, pasei momentos angustiosos e sei que nunca vai deixar de atormentarme, pero polo menos agora xa non me atemoriza. Si. Agora son un home mellor e máis forte. *(Pausa.)* Cada un de nós agacha algo, un segredo sucio e infame, vostede non é unha excepción. Nin vostede nin ninguén. É cuestión de tempo que acabe saíndo á luz. No lle falo de crimes nin nada parecido. En absoluto. Adoitan ser pequenas faltas, leves desviacións da senda da normalidade ás que no momento non lles damos importancia, quizais porque daquela certamente non a teñen. Porén, un día aquel tropezo fortuíto e trivial adquire unha gravidade insospeitada. Todo comeza cun soño. Máis exactamente, ao espertar unha mañá. Soñaches que facías algo espantoso, pero non podes lembrar de que se trata. A certeza de que transgrediches unha norma, de que rompiches unha especie de pacto, apodérase de ti e reparas, estremecido, en que, antes ou despois, ese episodio da túa imaxinación acabará pasándoches factura. Tes medo, estás aterrado e non sabes de que. ¿Sabe de que lle falo? Pois ben, así empeza todo. Logo páraste a pensar, rebuscas no teu interior, nese espazo recóndito da túa mente, e finalmente descubres que si, que

hai un motivo, unha causa para o horror. Haina sempre. *(Pausa.)* Así é como nace a culpa. *(Pausa.)* Na escuridade a culpa vese con absoluta nitidez, e o desexo de ser castigado vólvese insoportable. Desexo, si. A confesión non é abondo. O home culpable necesita o castigo para recobrar a paz. Eu cheguei a ese punto. Esa é a razón pola que estou aquí, espido e atado de mans, cunha venda nos ollos, firme na convicción de non dicirlle unha puta palabra. Vostede vaime esixir que confese, pero eu resistirei, sufrirei as súas acometidas con enteireza, vounas provocar mesmo, e o meu silencio será purificante, liberador, vaime devolver o que a sociedade me roubou ao obrigarme a que me agache, a aturar na clandestinidade un pequeno e sucio segredo. Baterá en min con brutalidade, e cada un dos seus golpes redimirá a miña alma dunha culpa que quizais nin sequera sexa real porque, non o esqueza, nace dun soño. *(Pausa.)* Veña, déixese levar, estou preparado para o peor. Calquera cousa que imaxine, algo que nunca se atrevera a facerlle antes a ninguén, o que sexa. Experimente comigo, son a súa cobaia. *(Pausa.)* Vostede gústame. En serio. O seu silencio é deliciosamente inquietante. Si, gústame moito. *(Pausa.)* E eu, ¿gústolle a vostede? *(Pausa.)* Pode que lle gustasen todos os que tiveron o raro privilexio de pasar polas súas mans. No fondo, vostede tamén goza con isto. Non é só un traballo. Ese é o seu segredo. Ás veces é difícil establecer a fronteira entre obriga e pracer. Pero resulta máis comprensible, menos censurable sentir desexos de pegar que de recibir golpes. Vostede desafoga, canaliza os seus odios e as súas frustracións. Nada xustifica a miña perversidade, non obstante, nada do que eu poida dicirlle, ¿non si? Para un, por peculiares que sexan os seus vicios, os demais sempre son uns bichos raros. Pero eu entendo o seu gozo. De feito, a min tamén me gusta isto, confésoo. Gústame que me batan. Ao principio só era a miña particular penitencia, pero xa hai algún tempo que me gusta, así que abonda de palabras, Helga. Faise vostede chamar así, ¿verdade, señorita? "Helga, gobernanta dominadora, 105-60-90, non te arrepentirás". Diciao o seu anuncio: "non te arrepentirás. Discreción total". *(O home acusa un golpe no ventre e, a continuación, cando se dobra sobre si mesmo, outro na cara, o cal o obriga a endereitarse. Comeza a sangrar polo nariz.)* Hmm... Sangue. *(O home relámbese, compracido.)* Isto ponse interesante.

Un novo golpe, agora nos cadrís, deita o home no chan, entre as sombras. Só a cadeira permanece baixo a luz uns intres, até que se vai o ESCURO



Xesús Pisón

O autor da desbordante fantasía

Ós 16 anos comezou a traballar como actor no Teatro Circo e de aí arrinca a súa vocación teatral que fructificaría nas seguintes obras: 'O pauto', gañadora do Premio Teatro Breve da Escola Dramática Galega no 1983; 'O rei aborrecido' (1984), destinado ao público infantil e concibida como ferramenta de traballo teatral na escola pola sinxeleza da súa posta en escena; en 1980 publica outra peza para o público infantil: 'O xigante don Gandulfo, señor do Tentequedo'. Eis a entrada 'Xesús Pisón' (Ferreira de Valadouro, 1954) no 'Diccionario da Literatura Galega': un nome do teatro galego que ofrece, en 27 de marzo, 'Escena de Lisístrata para psicose González': unha peza redactada para Norberto di Giorno, mestre de teatro de cabaret, para unha montaxe aínda sen estrear. Humor e ironía que abrolla, segundo a crítica, en boa parte da obra de Pisón, gañador en varias ocasións do Rafael Dieste de Teatro. E Pisón o autor da desbordante pantasía con máis de 40 títulos editados.

'Escena de Lisístrata para psicose González'

Calónica, querida, sabía que virías de primeira á cita. Onde van as demáis? Que é o que fan na cama sen un home? Xa non me escoita ninguén. Son Lisístrata, puta coroada de Atenas. Nesta miña casa teñen aprendido maneiras de amor as virxes máis fermosas de Grecia. Que festas, que xogos de amantes non se teñen ensaiado nestes cuartos? Ti propia, Calónica, onde aprendiches ese contrapunto de nádegas que anda en coplas pola Dacia toda? O que sería de vós fóra desta Academia? Que pelo habíades criar? Que macho ousaría asaltar o voso áspero colchón? Ai, que horas son xa? Non viches a Hermione? Nin a Admeta? Non entendo. A mensaxe que vos enviei falaba claro: *convócovos para un gordo e duro asunto*. Deberan estar todas aquí, ávidas. Ai, Calónica, ardo, derrétome. Mais non te enganes. Son unha pedra. Si, desde hoxe, por ti e por todas as mulleres de Grecia, serei un seixo imperturbábel. Non che falo de retiro nin de traizón á natureza. Se ti souber... Onde se meteron esas gatas? Cóntanse cos dedos dunha man as femias da Cidade, e elas conténtanse cun dedo. A baldes de auga fervendo había que botalas da cama. Cristila, por fin chegas. Estaba a falarlle a Calónica de transparentes vestidos. Que peitos os teus, e que toliña melena. Aprendiches ben as miñas artes. Mais hoxe has aprender a peitearte con xeo, e con xeo a aloumiñar as mamilas. Cala, non sexas impaciente. Vexo a Mirrina acolá, co camisón enxoito e os ollos anagados. Estampa atroz. Mirrina, corazón, tiveches noticias do teu home? Se cadra ascendeu a xeneral entre cheiro de sobacos e bosta de cabalo. Ai, como me ascendía el a min, quer dicir, como me elevaba a súa arenga antes de el partir para a guerra. A guerra, sempre a guerra. Enchede as copas de Chipre, miñas xoias. Dez medidas non abundan para suportar unha noite sen compañía. Xa está aquí Filomela e Áspira e Lámpito. Que cristal de corpos. E que predrazo sen outro corpo onde escacharen. Ben se lles coñece na ollada cinza e nos vagos músculos. E ti, neniña, de onde es? Xa me lembro. Na túa terra aínda se leva a danza do Tris-Tras? Veña, cariño, demóstrao. Tres veces por diante e catro por detrás. Vese que dominas o paso. Ai, carnes privadas! E aquela moreniña. Ti es de Corinto, non si? Alí os homes quérennos suspirantes. Coñeces a arte do suspiro? Atende: ai, aaai, au, uau, uai, uauiai...! Veña, nena, exprésate. Iso é. Escoitaches, Lámpito? Pois aprende, que despois o teu marido di que orneas os himnos de Afrodita. Ai, Mesenia, por fin chegas. E Podalía. E Nérome tamén. "Podalía, morrería no teu corpo cada día. Podalía, no teu corpo cada noite avivaría", cantaban os homes naqueles tempos de Maio. Ai, morenas, roxiñas do pelo, ébanas, leitiñas. Xa estamos todas. As viúvas. Viúvas, si, as mulleres de Grecia. Filomela, o teu home leva xa dez meses a combater na Tracia, e o teu, quince en Pilos, Nérome. Do meu xa perdín a conta. Trouxéronmo de Beocia tolleito dunha perna, e cando a outra perna comezaba a reaxir aos meus estímulos leváronmo para o fronte de Tarsos. Que máis viuvez queredes? Mais xa basta de lamentos. Eu, Lisístrata, ateniense de cintura para arriba e demócrata para abaixo, voulle pór fin a tal suplicio. E advirto, se calquera de vós deserta desta campaña será a ruína de todas as demáis. Píдовos que sexades fortes e renartas. Que sexades mulleres deixando de ser mulleres. Pido o meirande sacrificio, seino, mais el hanos conducir directamente á cama, quer dicir, á gloria. Conque atendende. Xa que a causa do noso

mal é a guerra forzaremos aos homes a asinaren a paz e voltar aos nosos brazos. Si, Podalía, coa nosa arma máis prezada: a invicta, desapiadada entreperna. Negádella aos homes até eles desterraren a guerra. Negádella. Resistide sen condicións. Palideces, Mesenia? Por que fuxides todas? Seica preferides a guerra deles? Lembrade o valente Menelao. O que lle aconteceu ao ver os peitos espidos de Helena? Caeulle a espada das mans, e igual que un año mamón entregouse á Arpía. Mulleres de Grecia, dicídlle non á guerra e teredes amor. Negade os homes e teredes escravos. Que bágoas son esas, Hercátome? Temes que o teu home te abandone? Respondédelle as demáis. Haberá en toda Grecia outra femia para el? Haberá vacas, cadelas, moscas, cobras. Mulleres xamáis. Non máis amor, custe o que custe. E de os homes insistiren, abrasados polo desexo, vós faredes que se calcinen. Lembrade a primeira lección que vos aprendín, o selo de ouro desta casa: só hai un furado que un home detesta ocupar, e é o que lle queda grande. Dádello ás mancheas cada noite. Abride as pernas tal se quixerdes separar a vida da morte. Que as vosas vulvas axiganten en grotesca gargallada. Han chorar os homes a súa pequenez. Xúroo. E non haberá para eles máis grandeza que os noso peitos nin máis Troia que os nosos pubes. Xurade comigo, doces monstros. Pousade a man na sacra verga minotaura e repetide:

Ningún home, ningún amante,
ningún amigo, ningún estranxeiro,
ningún parente, ningún escravo,
nos cabalgue, nos dobregue
se a súa man, afecta á espada,
non empuña unha arma como esta.
Ningunha caricia, ningún beixo,
ningunha concesión, ningún dereito,
mentres os homes non rinchen, laien, cacarexen,
como grito de guerra ao pé do leito.
Xuro vestir a brisa só da noite,
xuro bambear os meus cadrís
como Afrodita bambea sobre as ondas
até meu home asinar a paz sen condicións
coa súa branca tinta na miña branca colcha.
E de non facelo así
que esta verga se volva contra min
e o pracer se torne ferro
e o amor, veneno,
polos séculos dos séculos.
Lobas!



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.

Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e Soedade Noia. Dixitalización: Chico e Jorge Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

31 / MARZO DO 2005 - NÚMERO 559

rdL

REVISTA
DAS
LETRAS

**Nélida
Piñón**

A escritora brasileira **Nélida Piñón** vai sempre por diante: foi a primeira muller en presidir unha academia da lingua –a do Brasil– e a primeira en gañar o Premio 'Juan Rulfo', ademais de ser a primeira de idioma portugués. Tamén foi a primeira muller en conseguir o Premio 'Menéndez Pelayo' e agora é o primeiro autor brasileiro que publica –sen traducir– unha novela súa en Galicia: *Vozes do deserto*, editada por Candeia. Por ese motivo visita estes días Compostela, onde mañá presenta a tradución ao galego de *A república dos sonhos*, crónica en clave autobiográfica dunha familia de emigrantes galegos no Brasil que agora publica Galaxia cun prólogo de Manuel Fraga, o seu admirado e querido amigo. *A república dos sonhos* (1984) está considerada a súa obra mestra. Para redondear o apertado programa, Nélida Piñón –conserva a grafía completa do seu apelido– dará unha conferencia na Coruña e, o sábado, será nomeada filla adoptiva de **Cotobade**, a terra na que naceron os seus pais. Ela asegura que será un dos momentos máis felices da súa vida porque Galicia –engade– é a porta aberta dun espazo do que sempre regresa "rehabilitada". Trátase dun privilexio que non ten todo o mundo: "ter o corazón da miña xenealoxía". **Revista das Letras** dedícalle a Nélida Piñón este monográfico cunha entrevista á escritora, un artigo de Elías Torres Feijóo e a recuperación dun relato seu: "I love my husband".



"Voces do deserto" na Galiza

Elías Torres Feijóo

Numha ceia com um grupo de Professores da USC, no fim do Inverno do passado ano, Nélida Piñon anunciava o título do seu próximo romance, *Voces do Deserto*, e a sua saída nesse 2004 no Brasil e Portugal nas mui importantes editoras Record e Círculo de Leitores. Comentou-se a hipótese de fazer umha edição para Galiza, mais como um anelo que como umha possibilidade certa. Nélida respondeu a essa hipótese unindo entusiasmo e eficiência. Ela falaria, nós contactaríamos... A sua disponibilidade foi decisiva para que a Candeia Editora, surgida pouco mais de um ano atrás, apresente agora ao público galego o original de *Voces* em simultâneo com aqueles países. Na verdade, seria impossível que umha das linhas mestras desta editora, a de fazer ponte cultural e real entre as comunidades lusófonas, se apoiasse em melhor chave de abóbada que na publicação do último e talvez mais subtil e refinado romance de Nélida. Impossível porque, sendo Nélida Piñon umha das mais reconhecidas escritoras americanas, pertencendo ao irmao maior cultural de todos nós, Brasil, unia a essas circunstâncias o corolário da sua origem galega. Na verdade também, cabe perguntar-se como funciona e como poderia funcionar a actividade e a planificação cultural, institucional e privada, da Galiza, em que um dos seus principais recursos e activos sócio-económicos e culturais, a língua comum a Portugal, Brasil, os PALOP ou Timor, esteja tam infra-utilizado que sejam editoras como esta as que empreendam esta linha. Quais os interesses em jogo, do que muitas vezes se assemelha a um *Parnasillo Galáico*, como em 1896, 1896, denunciava um *Cristóbo das Viñas* na *Revista Gallega* a propósito de similares assuntos. Quais os aranceis e alfândegas intransponíveis, visíveis e invisíveis, que fam aparecer como causas épicas e desprendidas polo bem comum interesses privados e pequenitos.

O nosso propósito foi e é converter as queixas em fortalezas e as insuficiências em possibilidades. Nom sei qual será o sucesso de vendas de *Voces do Deserto* no nosso país, onde o mundo mediático e cultural está, polo geral, virado para outro tipo de acções, dominado por pressões e interesses redutores. Mas cumpre dizer que o sucesso está marcado já pola iniciativa, sem mais qualificativos.

Certamente, a Filha de Cotobade, menina em estado de graça no Pé da Mua e olhos de amanhecida no Rio de Janeiro, volta com os seus frutos preciosos à Galiza, tal como ela os trabalhou (convém nom esquecer o termo: trabalha e muito), para regalo das leitoras e leitores da sua origem, aldraba galaico-brasileira de património imenso para o seu povo. Baste a este ouvir Scherezade em Nélida e Nélida em Scherezade, na fascinante empresa de contar e imaginar mundos melhores e possíveis, no ritmo e aroma das palavras nossas, no que permanece e eleva, para ir além. Ver Nélida cálida desde umha tarde de Alameda, brilhante envolvida na pedra aquosa do seu Santiago de Compostela é desejar ver passar a alegoria futura do nosso colectivo, ofício de abnegada lavradora, da palavra ela, que aprendeu nos quatro avôs, sorriso e sedução da vida, a vida que se vive, nom a que só se espera ver passar. Nélida/ Scherezade (o recurso é fácil mas a aquela se assume como retrato moral nesta), anota, a talvez maior especialista na sua obra, a Profa. Carmen Villarino da USC, nas 'orelhas' do livro, "nom desperta lástima, é heroína; a ela se rendem, apesar de amores, desconfianças e receios, a irmã Dinazarda e a escrava Jasmine". Ponham as pessoas que a lerem nesses nomes os seus, simbolizem neles os seus desejos, e terám o sentido destas *Voces do Deserto* e o que elas, circulantes pola Galiza, podem vir significar para nós. A nom perder!



Nélida Piñón

A erótica do pensamento

S. Noia e A.R. López

Naceu en 1937 no Brasil, pero leva engastada á "psique" a casa xenealóxica de Galicia, de onde eran os seus país. Empezou na narración realista pero en 'A República dos sonhos' (1984) comezou unha peripecia literaria na que o ton autobiográfico se mestura coa palabra do desexo e, sobre todo, a ilusión, porque "a ilusión é un dos piares da Literatura". De Galicia di que lle deu todo e ela, a cambio, púxo a no mapa brasileiro. Cualifica a Lula de "figura paradigmática que non está correspondendo co que se esperaba" e de Manuel Fraga asegura que é "un intelectual" un home "que nunca me esixiu nada" e pola contra tratouna sempre con "extraordinaria delicadeza". Séntese "porosa" e por tanto viva. Séntese "produto civilizatorio" e loa, máis que nada, a erótica do pensamento, pois os corpos que non pensan son pornográficos.

Nélida Piñón chega a Compostela con só tres horas de sono. O avión. O cambio de horario. As esperas nos aeroportos. Son trastornos que non lle preocupan nin deixan pegada no seu humor: escintílanlle os ollos –pequenos, como resgados na tersura dos párpados por un estilete– e a súa conversa rebenta nun esbruízo brioso, enfiada en conexións inesperadas e sentenzas que lle veñen aos labios –intensamente vermellos– coa estrañeza de quen se segue sorprendendo do que lle dá o destino de repente. Tal vez, no seu ánimo –expansivo, mesmo turbado– ten algo que ver o feito de regresar a Galicia, porque Nélida Piñón chega a Galicia e é como se petase nunha porta e ao abrírselle –asegura– quedase “rehabilitada”, “feliz”, porque Galicia –puntualiza deténdose na conversa e afrutando os labios– “é o meu enigma”.

A Galicia da que lle falaban os seus pais, emigrantes galegos en América: eses pais –“xenerosos”– que lle inculcaron o cultivo de todos os sentidos: “a pintura, o ballet, a ópera...” E engade: “Das sopranos aprendín que a auga nunca se bebe con xeo” e bota un grolo de auga tépeda que lle acaban de traer. “Auga de Galicia”. A mesma que coñeceu aos dez anos e a deixou engaiolada. A Galicia “á que sempre lle fun fiel”. Engastada “á miña psique” e transformándoa: “Eu recoñezome galega cada vez que me atopo cun galego”. É unha forma de ver o mundo. O ámbito sobrenatural, tan grato ao seu mundo: “As meigas en Galicia traballan a favor do home”. Como en Brasil: Brasil a súa casa no mundo. Cotobade: “a

do Brasil, o trotskista Luiz Ignacio Lula da Silva, *Lula*. Recoñece nel “unha figura paradigmática” pero tamén o cualifica de “frustrante”: “Non está respondendo ao que se esperaba... Pero eu non quero falar de política... Non quero pasar por riba de temas tan importantes cunha ou dúas frases...” e aínda así, volve a Lula: “El representa, en certo modo, o país que somos: eliximos un presidente que foi un operario, aínda que diso haxa moito tempo: en realidade, Lula é un político sindicalista sen a formación dun intelectual. O máis sorprendente e conmovedor é a súa orixe humilde”.

Tamén regresa a Galicia para presentar –fíxoo o martes pola tarde en Compostela– o primeiro libro en brasileiro que se edita en Galicia. Publicouno Candeia dentro dun proxecto que pretende abrir novos vieiros editoriais entre Galicia e o mundo da lusofonía. E Nélida Piñón foi a elixida coa súa última novela *Vozes do deserto*, simultaneamente publicada en Portugal e no Brasil. A elección non podía ser doutro xeito. Os impulsores de Candeia querían simbolizar as ligazóns entre as dúas marxes do Atlántico e ela representa, sen dúbida, o mellor exemplo da fusión cultural. “A miña é unha crónica de fidelidades e historias entrelazadas: non todo o mundo ten o privilexio de estar no corazón da súa xenealoxía. Nunca oculte a miña orixe e correspondín o que se me deu: dalgún xeito, puxen Galicia no mapa brasileiro”.

Séntese elemento civilizatorio. Porosa e, por tanto, viva. “Son o produto de dous imaxinarios e amaso os dous como se fosen fornalla viva, consciente de que debe haber madeira no fogo para ter que



miña casa de orixe”.

E esa orixe –Cotobade: “os camiños, a terra, as vacas...: unha terra vella ten un peso moral”– é, en grande medida, a causa de que regrese aquí, ao magma primexinio: o día dous de abril será nomeada filla adoptiva da vila. “Estou emocionada. Encantada. É máis do que me pasou nunca na vida”. Máis, incluso, que ver publicada a tradución ao galego da súa obra emblemática, *A República dos sonhos*, editada por Galaxia. Manuel Fraga, o presidente da Xunta, foi o que –case como un proxecto persoal– se encargou de xestionar a tradución da novela e o que –como un regalo– lle escribiu o prólogo. Tamén se encargará de presentala aos medios de comunicación o venres en Compostela. “El é un intelectual e un amigo moi querido”.

A alquimia entre a escritora e o político funcionou, tal vez, “porque eu son unha muller moi independente e desconfío daqueles mitos politicamente correctos. Os mitos da esquerda son decepcionantes. Tampouco me estraña: non poden sobrevivir como os escritores ou os heroes”. E porque Fraga, subliña, “respectou sempre as miñas posturas e non me esixiu nada. A cambio sempre actuou cunha cortesía exquisita”.

Menos entusiasta se amosa co actual presidente

queimar. Para facer a fumosa da cultura e do espírito”. Asegura que todo lle interesa e que de todo o coñecido, o máis erótico é a capacidade de pensar. “Moito máis erótico que o corpo, porque o desexo é un grande pensamento e o corpo, cando atúa sen pensar, é pornografía. E porque desfruto co corpo soamente cando penso”.

E a curiosidade levouna a 44 anos ininterrompidos de publicacións des que en 1961 sacou *Guía*. “Até eu mesma me sorprendo de cómo me puiden namorar tan cedo da Literatura, pero son aventureira”. Premio Juan Rulfo –non o levara ningún autor en portugués antes– e a primeira muller que chegou a presidir unha Academia: a da Língua do Brasil desde 1996. Narradora. Contista. Articulista. Profesora. Da fonte do realismo aos tinxes autobiográficos de ‘A República dos sonhos’ (1984). Tamén escribiu algúns poemas, pero nunca publicou ningún. “Como fillos de todas as navegacións”, dixo unha vez, “en nós, os iberoamericanos gorécense todas as viaxes, por iso a nosa cultura carece dunha ideloloxía que revele o noso segredo orixinal.” E agora, convencida de que os seres humanos somos polisémicos, engade: “A Literatura é saber profundar na arte de narrar, pero dentro dela hai outra cousa: a paixón”.

I Love MY HUSBAND

Nélida Piñón

Eu amo meu marido. De manhã à noite. Mal acordo, ofereço-lhe café. Ele suspira exausto da noite sempre maldormida e começa a barbear-se. Bato-lhe à porta três vezes, antes que o café esfrie. Ele grunhe com raiva e eu vocifero com aflição. Não quero meu esforço confundido com um líquido frio que ele tragará como me traga duas vezes por semana, especialmente no sábado.

Depois, arrumo-lhe o nó da gravata e ele protesta por consertar-lhe unicamente a parte menor de sua vida. Rio para que ele saia mais tranqüilo, capaz de enfrentar a vida lá fora e trazer de volta para a sala de visita um pão sempre quentinho e farto.

Ele diz que sou exigente, fico em casa lavando a louça, fazendo compras, e por cima reclamo da vida. Enquanto ele constrói o seu mundo com pequenos tijolos, e ainda que alguns destes muros venham ao chão, os amigos o cumprimentam pelo esforço de criar olarias de barro, todas sólidas e visíveis.

A mim também me saúdam por alimentar um homem que sonha com casas-grandes, senzalas e mocambos, e assim faz o país progredir. E é por isto que sou a sombra do homem que todos dizem eu amar. Deixo que o sol entre pela casa, para dourar os objetos comprados com esforço comum. Embora ele não me cumprimente pelos objetos fluorescentes. Ao contrário, através da certeza do meu amor, proclama que não faço outra coisa senão consumir o dinheiro que ele arrecada no verão. Eu peço então que compreenda minha nostalgia por uma terra antigamente trabalhada pela mulher, ele franze o rosto como se eu lhe estivesse propondo uma teoria que envergonha a família e a escritura definitiva do nosso apartamento.

O que mais quer, mulher, não lhe basta termos casado em comunhão de bens? E dizendo que eu era parte do seu futuro, que só ele porém tinha o direito de construir, percebi que a generosidade do homem habilitava-me a ser apenas dona de um passado com regras ditadas no convívio comum.

Comecei a ambicionar que maravilha não seria viver apenas no passado, antes que este tempo pretérito nos tenha sido ditado pelo homem que dizemos amar. Ele aplaudiu o meu projeto. Dentro de casa, no forno que era o lar, seria fácil alimentar o passado com ervas e mingau de aveia, para que ele, tranqüilo, gerisse o futuro. Decididamente, não podia ele preocupar-se com a matriz do meu ventre, que devia pertencer-lhe de modo a não precisar cheirar o meu sexo para descobrir quem mais, além dele, ali estivera, batera-lhe à porta, arranhara suas paredes com inscrições e datas. Filho meu tem que ser só meu, confessou aos amigos no sábado do mês que recebíamos. E mulher tem que ser só minha e nem mesmo dela. A idéia de que eu não podia

pertencer-me, tocar no meu sexo para expurgar-lhe os excessos, provocou-me o primeiro sobressalto na fantasia do passado em que até então estivera imersa. Então o homem, além de me haver naufragado no passado, quando se sentia livre para viver a vida a que ele apenas tinha acesso, precisava também atar minhas mãos, para minhas mãos não sentirem a doçura da própria pele, pois talvez esta doçura me ditasse em voz baixa que havia outras peles igualmente doces e privadas, cobertas de pêlo felpudo, e com a ajuda da língua podia lambar-se o seu sal?

EOlhei meus dedos revoltada com as unhas longas pintadas de roxo. Unhas de tigre que reforçavam a minha identidade, grunhiam quanto à verdade do meu sexo. Alisei meu corpo, pensei, acaso sou mulher unicamente pelas garras longas e por revesti-las de ouro, prata, o ímpeto do sangue de um animal abatido no bosque? Ou porque o homem adorna-me de modo a que quando tire estas tintas de guerreira do rosto surpreende-se com uma face que lhe é estranha, que ele cobriu de mistério para não me ter inteira?

De repente, o espelho pareceu-me o símbolo de uma derrota que o homem trazia para casa e tornava-me bonita. Não é verdade que te amo, marido? perguntei-lhe enquanto lia os jornais, para instruir-se, e eu varria as letras de imprensa cuspidas no chão logo após ele assimilar a notícia. Pediu, deixe-me progredir, mulher. Como quer que eu fale de amor quando se discutem as alternativas econômicas de um país em que os homens para sustentarem as mulheres precisam desdobrar um trabalho de escravo. Eu lhe disse então, se não quer discutir o amor, que afinal bem pode estar longe daqui, ou atrás dos móveis para onde às vezes escondo a poeira depois de varrer a casa, que tal se após tantos anos eu mencionasse o futuro como se fosse uma sobremesa?

Ele deixou o jornal de lado, insistiu que eu repetisse. Falei na palavra futuro com cautela, não queria feri-lo, mas já não mais desistia de uma aventura africana recém-iniciada naquele momento. Seguida por um cortejo untado de suor e ansiedade, eu abatia os javalis, mergulhava meus caninos nas suas jugulares aquecidas, enquanto Clark Gable, atraído pelo meu cheiro e do animal em convulsão, ia pedindo de joelhos o meu amor. Sôfrega pelo esforço, eu sorvia água do rio, quem sabe em busca da febre que estava em minhas entranhas e eu não sabia como despertar. A pele ardente, o delírio, e as palavras que manchavam os meus lábios pela primeira vez, eu ruborizada de prazer e pudor, enquanto o pajé salvava-me a vida com seu ritual e seus pêlos fartos no peito. Com a saúde nos dedos, da minha boca parecia sair o sopro da vida e eu deixava então o Clark Gable amarrado numa árvore, lentamente comido pelas formigas. Imitando a Nayoka, eu descia o rio que quase me assaltara as forças, evitando as quedas d'água, aos gritos proclamando liberdade, a mais antiga e miríade das heranças.

O marido, com a palavra futuro a boiar-lhe nos olhos e o jornal caído no chão, pedia-me, o que significa este repúdio a um ninho de amor, segurança, tranqüilidade, enfim a nossa maravilhosa paz conjugal? E acha você, marido, que a paz conjugal se deixa amarrar com os fios tecidos pelo anzol, só porque mencionei esta palavra que te entristece, tanto que você começa a chorar discreto, porque o teu orgulho não lhe permite o pranto convulso, este sim, reservado à minha condição de mulher? Ah, marido, se tal palavra tem a descarga de te cegar, sacrifico-me outra vez para não vê-lo sofrer. Será que apagando o futuro agora ainda há tempo de salvar-te?

Suas crateras brilhantes sorveram depressa as lágrimas, tragou a fumaça do cigarro com volúpia e retomou a leitura. Dificilmente se encontraria homem como ele no nosso edifício de dezoito andares e três portarias. Nas reuniões de condomínio, a que estive presente, era ele o único a superar os obstáculos e perdoar aos que o haviam magoado. Recriminei meu egoísmo, ter assim perturbado a noite de quem merecia recuperar-se para a jornada seguinte.

Para esconder minha vergonha, trouxe-lhe café fresco e bolo de chocolate. Ele aceitou que eu me redimisse. Falou-me das despesas mensais. Do balanço da firma ligeiramente descompensado, havia que cuidar dos gastos. Se contasse com a minha colaboração, dispensaria o sócio em menos de um ano. Senti-me feliz em participar de um ato que nos faria progredir em doze meses. Sem o meu empenho, jamais ele teria sonhado tão alto. Encarregava-me eu à distância da sua capacidade de sonhar. Cada sonho do meu marido era mantido por mim. E, por tal direito, eu pagava a vida com cheque que não se poderia contabilizar.

Ele não precisava agradecer. De tal modo atingira a perfeição dos sentimentos, que lhe bastava continuar em minha companhia para querer significar que me amava, eu era o mais delicado fruto da terra, uma árvore no centro do terreno de nossa sala, ele subia na árvore, ganhava-lhe os frutos, acariciava a casca, podando seus excessos. Durante uma semana bati-lhe à porta do banheiro com apenas um toque matutino. Disposta a fazer-lhe novo café, se o primeiro esfriasse, se esquecido ficasse a olhar-se no espelho com a mesma vaidade que me foi instilada desde a infância, logo que se confirmou no nascimento tratar-se de mais uma mulher. Ser mulher é perder-se no tempo, foi a regra de minha mãe. Queria dizer, quem mais vence o tempo que a condição feminina? O pai a aplaudia completando, o tempo não é o envelhecimento da mulher, mas sim o seu mistério jamais revelado ao mundo.

Já viu, filha, que coisa mais bonita, uma vida nunca revelada, que ninguém colheu senão o marido, o pai dos seus filhos? Os ensinamentos paternos sempre foram graves, ele dava brilho de prata à palavra

envelhecimento. Vinha-me a certeza de que ao não se cumprir a história da mulher, não lhe sendo permitida a sua própria biografia, era-lhe assegurada em troca a juventude.

Só envelhece quem vive, disse o pai no dia do meu casamento. E porque viverás a vida do teu marido, nós te garantimos, através deste ato, que serás jovem para sempre. Eu não sabia como contornar o júbilo que me envolvia com o peso de um escudo, e ir ao seu coração, surpreender-lhe a limpidez. Ou agradecer-lhe um estado que eu não ambicionara antes, por distração talvez. E todo este troféu logo na noite em que ia converter-me em mulher. Pois até então sussurravam-me que eu era uma bela expectativa. Diferente do irmão que já na pia batismal cravaram-lhe o glorioso estigma de homem, antes de ter dormido com mulher.

Sempre me disseram que a alma da mulher surgia unicamente no leito, ungido seu sexo pelo homem. Antes dele a mãe insinuou que o nosso sexo mais parecia uma ostra nutrida de água salgada, e por isso vago e escorregadio, longe da realidade cativa da terra. A mãe gostava de poesia, suas imagens sempre frescas e quentes.

Meu coração ardia na noite do casamento. Eu ansiava pelo corpo novo que me haviam prometido, abandonar a casca que me revestira no cotidiano acomodado. As mãos do marido me modelariam até os meus últimos dias e como agradecer-lhe tal generosidade? Por isso talvez sejamos tão felizes como podem ser duas criaturas em que uma delas é a única a transportar para o lar alimento, esperança, a fé, a história de uma família.

Ele é único a trazer-me a vida, ainda que às vezes eu a viva com uma semana de atraso. O que não faz diferença. Levo até vantagens, porque ele sempre a trouxe traduzida. Não preciso interpretar os fatos, incorrer em erros, apelar para as palavras inquietantes que terminam por amordaçar a liberdade. As palavras do homem são aquelas de que deverei precisar ao longo da vida. Não tenho que assimilar um vocabulário incompatível com o meu destino, capaz de arruinar meu casamento.

Assim fui aprendendo que a minha consciência que está a serviço da minha felicidade ao mesmo tempo está a serviço do meu marido. É seu encargo podar meus excessos, a natureza dotou-me com o desejo de naufragar às vezes, ir ao fundo do mar em busca das esponjas. E para que me servissem elas senão para absorver meus sonhos, multiplicá-los no silêncio borbulhante dos seus labirintos cheios de água do mar? Quero um sonho que se alcance com a luva forte e que se transforme algumas vezes numa torta de chocolate, para ele comer com os olhos brilhantes, e sorriremos juntos.

Ah, quando me sinto guerreira, prestes a tomar das armas e ganhar um rosto que não é o meu, mergulho numa exaltação dourada, caminho pelas ruas sem endereço, como se a

partir de mim, e através do meu esforço, eu devesse conquistar outra pátria, nova língua, um corpo que sugasse a vida sem medo e pudor. E tudo me treme dentro, olho os que passam com um apetite de que não me envergonharei mais tarde. Felizmente, é uma sensação fugaz, logo busco o socorro das calçadas familiares, nelas a minha vida está estampada. As vitrines, os objetos, os seres amigos, tudo enfim orgulho da minha casa.

Estes meus atos de pássaro são bem indignos, feririam a honra do meu marido. Contrita, peço-lhe desculpas em pensamento, prometo-lhe esquivar-me de tais tentações. Ele parece perdoar-me à distância, aplaude minha submissão ao cotidiano feliz, que nos obriga a prosperar a cada ano. Confesso que esta ânsia me envergonha, não sei como abrandá-la. Não a menciono senão para mim mesma. Nem os votos conjugais impedem que em escassos minutos eu naufrague no sonho. Estes votos que ruborizam o corpo mas não marcaram minha vida de modo a que eu possa indicar as rugas que me vieram através do seu arrebatamento.

Nunca mencionei ao marido estes galopes perigosos e breves. Ele não suportaria o peso dessa confissão. Ou que lhe dissesse que nessas tardes penso em trabalhar fora, pagar as miudezas com meu próprio dinheiro. Claro que estes desatinos me colhem justamente pelo tempo que me sobra. Sou uma princesa da casa, ele me disse algumas vezes e com razão. Nada pois deve afastar-me da felicidade em que estou para sempre mergulhada.

Não posso reclamar. Todos os dias o marido contraria a versão do espelho. Olho-me ali e ele exige que eu me enxergue errado. Não sou em verdade as sombras, as rugas com que me vejo. Como o pai, também ele responde pela minha eterna juventude. É gentil de sentimentos. Jamais comemorou ruidosamente meu aniversário, para eu esquecer de contabilizar os anos. Ele pensa que não percebo. Mas, a verdade é que no fim do dia já não sei quantos anos tenho.

E também evita falar do meu corpo, que se alargou com os anos, já não visto os modelos de antes. Tenho os vestidos guardados no armário, para serem discretamente apreciados. Às sete da noite, todos os dias, ele abre a porta sabendo que do outro lado estou à sua espera. E quando a televisão exhibe uns corpos em floração, mergulha a cara no jornal, no mundo só nós existimos.

Sou grata pelo esforço que faz em amar-me. Empenho-me em agradá-lo, ainda que sem vontade às vezes, ou me perturbe algum rosto estranho, que não é o dele, de um desconhecido sim, cuja imagem nunca mais quero rever. Sinto então a boca seca, seca por um cotidiano que confirma o gosto do pão comido às vésperas, e que me alimentará amanhã também. Um pão que ele e eu comemos há tantos anos sem reclamar, ungidos pelo amor, atados pela cerimônia de um casamento que nos declarou marido e mulher. Ah, sim, eu amo meu marido.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. **Maquetación,** Antón Lopo e Soedade Noia. **Fotografía:** Jorge Mas. **Correo:** mare@galicia-hoxe.com